# Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 30 de xaneiro de 2015

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o trinta de xaneiro do ano dous mil quince, ás dez horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados, don Rosendo Luis Fernández Fernández, don Plácido Álvarez Dobaño, don José Antonio Feijóo Alonso, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don José Manuel Freire Couto, don Emilio José Pazos Ojea, don Antonio Montero Fernández e don Eladio Mangana Nóvoa, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste a interventora, dona Mónica Legaspi Díaz, e dá fe do acto, o secretario xeral, don Francisco Cacharro Gosende.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

**1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 23 DE XANEIRO DE 2015**.- Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día vinte e tres de xaneiro de dous mil quince, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

**2.- DESESTIMACIÓN DE ALEGACIÓNS PRESENTADAS POLO CONCELLO DA VEIGA Ó ACORDO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA CON CARGO Ó PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN PARA EXECUCIÓN DE INFRAESTRUTURAS CULTURAIS 2014**.- Unha vez vista a solicitude do Concello da Veiga de data 22 de xaneiro de 2015, que tivo entrada no Rexistro Xeral desta Deputación o 26 de xaneiro de 2015, na que solicita un incremento da subvención concedida mediante acordo da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial do 9 de decembro de 2014 por importe de 33.011,63 € (dos remanentes producidos por rexeitamento das subvencións concedidas mediante acordo da Xunta de Goberno do 7 de novembro de 2014 (base 9ª do referido programa), para execución do proxecto "Rehabilitación de antiga casa escola para aula cultural no Toural", con cargo ó programa provincial de cooperación cos concellos para execución de infraestruturas culturais 2014.

Visto igualmente o informe emitido polo xefe do Servizo de Investimentos de data 27 de xaneiro de 2015, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º.- Desestima-la solicitude formulada polo Concello da Veiga de incremento da subvención concedida para a execución do proxecto “Rehabilitación de antiga casa escola para aula cultural no Toural” polo importe solicitado (52.050,00 €), por non resultar conforme coas bases aprobadas para o efecto.

2º.- Lembrarlle ó solicitante a obriga de xustifica-la totalidade do proxecto presentado, xa que, en caso contrario e de acordo coas bases referenciadas anteriormente (aprobadas pola Corporación Provincial na sesión ordinaria do 29 de xullo de 2014), a contía da subvención diminuiría de forma proporcional.

**3.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO PREMIO DE PERIODISMO “XOSÉ AURELIO CARRACEDO”, ANO 2015**.- Unha vez vistas as bases que rexen a convocatoria do premio de periodismo “Xosé Aurelio Carracedo, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

**1º.- Aprobar as referidas bases e convocar o premio de periodismo “Xosé Aurelio Carracedo 2015”, consonte coas seguintes cláusulas:**

**Primeira:** Poderán optar a este premio todos os profesionais ou colaboradores habituais que exerzan o seu labor en medios de comunicación escritos ou audiovisuais, en calquera das súas modalidades.

**Segunda:** Consistirá nun único premio e a dotación será de tres mil euros (3.000,00 €).

**Terceira:** As propostas para optar ao premio poderán ser, indistintamente, presentadas polos propios interesados, pola dirección do medio no que foron publicadas, por institucións, asociacións, colectivos, persoas individuais ou polo propio xurado.

**Cuarta:** Os traballos ou conxuntos de traballos –gráficos, escritos ou adiovisuais-, que participen no concurso, terán que estar publicados en medios de comunicación galegos ou deberán referirse a Galicia, entre o día 1 de xaneiro de 2014 e o día 31 de decembro do mesmo ano.

**Quinta:** O xurado do premio de periodismo “Xosé Aurelio Carracedo” estará presidido polo presidente da Deputación de Ourense ou persoa en quen delegue, e como vogais, formarán parte do xurado:

- Un representante do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia.

- Un representante da Federación de Asociacións de Periodistas (FAPE).

- Un representante da Facultade de Ciencias da Comunicación de Santiago de Compostela.

- Un representante da Facultade de Ciencias Sociais e Comunicación da Universidade de Vigo.

O secretario do xurado, con voz pero sen voto, será o responsable da Comunicación da Deputación de Ourense.

**Sexta:** O prazo de recepción de propostas e presentación de traballos pecharase o día 16 de marzo de 2015. Os actos de entrega coincidirán co día 3 de maio (Día internacional da liberdade de prensa).

**Sétima:** As propostas deberán ir acompañadas de seis fotocopias da páxina ou páxinas en que foron difundidas, se son publicacións impresas. No caso de traballos dixitais, seis copias de capturas de pantalla ou seis copias do texto, nos dous casos con certificado do responsable do medio facendo constar a data de publicación. Se se trata de traballos audiovisuais, presentaranse seis copias en CD, DVD ou lapis dixital, segundo os casos. Se os traballos se publicaron sen se asinar ou con pseudónimo, deberá achegarse un certificado do director do medio, no que conste a data de emisión e nome ou nomes dos autores.

Os traballos remitiránselle á Deputación de Ourense, rúa Progreso, 32, baixo o epígrafe de *Premio de periodismo "Xosé Aurelio Carracedo 2015"*.

**Oitava:** A participación neste premio periodístico implica a aceptación das bases. Quedan excluídos de participar neste certame os funcionarios e o persoal laboral da Deputación Provincial de Ourense. Valorarase de xeito positivo a realización e presentación de traballos en lingua galega.

**2º.- A convocatoria deste premio publicarase no BOP e remitiráselle anuncio ao DOG.**

**4.- APROBACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA DO II PREMIO ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA DE DEBUXO E REDACCIÓN ESCOLAR**.- Considerando a conveniencia e oportunidade de conmemorar a aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia e contribuír á difusión e coñecemento do seu contido e significado entre a poboación escolar, e como xa se fixo no exercicio 2014, de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno** da Deputación, por unanimidade,

**adopta** o seguinte **acordo**, de aprobación das bases reguladoras e convocatoria do concurso para a concesión do II Premio Estatuto de Autonomía de Galicia de debuxo e redacción escolar:

1º) Aprobar as bases reguladoras do concurso para a concesión do II Premio Estatuto de Autonomía de Galicia de debuxo e redacción escolar, co seguinte contido:

*A. Obxecto:*

*Constitúe o obxecto destas bases a regulación da convocatoria e procedemento para a concesión do II Premio Estatuto de Autonomía de Galicia de debuxo e redacción escolar, correspondente á anualidade 2015.*

*O lema desta segunda edición do concurso é* ***"O Estatuto de Autonomía de Galicia: recoñecemento dunha nacionalidade histórica"****.*

*B. Participantes:*

*Poderán participar neste concurso os estudantes dos niveis educativos de infantil, primaria, educación especial e ensino secundario obrigatorio, de centros de ensino xeral tanto públicos coma concertados ou privados, da provincia de Ourense.*

*Os alumnos do nivel educativo citado realizarán os seus traballos de xeito individual.*

*C. Modalidades*

*1.- Os alumnos de educación infantil e primaria, así coma os de educación especial, presentarán un debuxo ou traballo artístico que deberá* ***facer referencia ao lema do concurso****. Será presentado nun folio ou cartolina en branco, tamaño A4, non terá relevos e a técnica a empregar será libre.*

*2.- Os alumnos de ensino secundario obrigatorio deberán presentar* ***unha redacción sobre o Estatuto de Autonomía****, cunha extensión mínima de sete folios e máxima de doce, escrita en galego, a man ou en ordenador, por unha soa cara e a dobre espazo.*

*Se o traballo se fai en ordenador, o tipo e tamaño de letra será Arial 12. O traballo literario poderá ser ampliado ou complementado con fotografías, recortes de prensa, etcétera.*

*Os traballos poderán presentarse en papel ou en soporte electrónico cunha tecnoloxía que permita a súa visualización nun contorno windows. O autor poderá entregar*

*un CD/DVD coas aplicacións reinstaladas que permitan a visualización sen ningún tipo de instalación en disco.*

*D. Normas de entrega dos traballos*

*Os traballos poderán ser presentados individualmente polos alumnos ou os seus representantes legais, empregando o modelo anexo I, ou de forma colectiva polos responsables dos centros docentes, empregando o modelo anexo II. Os traballos deberán presentarse no Rexistro Xeral da Deputación de Ourense ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común, ata as 14.00 horas do día 18 de marzo de 2015.*

*Segundo o nivel educativo ao que pertenzan os concursantes, terase en conta o seguinte:*

***1. Alumnos de educación infantil, primaria e educación especial:***

*Figurará no reverso do traballo o nome do estudante, idade, enderezo familiar, teléfono fixo e móbil se o tivera, colexio e curso.*

*Os debuxos presentados polos centros de estudos entregáranse xuntos nun sobre no que figure no exterior o nome do colexio e dirección deste.*

*2.* **Alumnos de ESO***:*

*Figurarán* **nun folio separado do traballo,** *os datos do autor: nome, idade, enderezo, teléfono fixo e móbil, se o tiveran, colexio e curso.*

*Se o soporte fose electrónico, estes datos deberán figurar nun folio ou etiqueta que* **non** *vaia pegada ao CD/DVD.*

*E. Xurado do concurso.*

*O xurado encargado de cualificar os traballos presentados estará conformado como segue:*

- *Presidente: o presidente da Deputación de Ourense.*
- *Vicepresidente: o deputado da Área de Cultura.*
- *Tres vogais (un deputado de cada un dos grupos políticos con representación no Pleno da Deputación, designado por estes).*

*Actuará como secretaria do xurado a xefa da Sección de Arquivo e Publicacións da Deputación, con voz pero sen voto e coas atribucións propias dun secretario de actas.*

*Os titulares, se por algunha circunstancia o consideran necesario, poderán delegar as súas funcións nas persoas que estimen oportunas.*

*O Xurado resolverá o concurso por maioría simple, facultándoselle para a interpretación destas bases en caso de que xurdan dúbidas sobre a súa aplicación. O ditame do xurado, que será inapelable, farase público o día 1 de abril.*

*F. Criterios de selección dos traballos.*

*Para cualificar os traballos, o xurado terá en conta, entre outros, os seguintes criterios:*

*a) Que o traballo presentado se axuste ao tema do concurso. De non respectarse este punto, o traballo non será cualificado.*

*b) Corrección ortográfica.*

*c) A limpeza e coidado na súa presentación.*

*d) A orixinalidade e creatividade do traballo.*

*G. Premios.*

*1. Na modalidade de debuxo (educación infantil, primaria e educación especial)**:** os 3 mellores debuxos, de cada un dos niveis educativos, serán premiados cun diploma, unha colección de libros e material audiovisual.*

*2. Educación secundaria obrigatoria: Premiaranse un total de 3 alumnos cun diploma, unha colección de libros e material audiovisual.*

*Poderá declararse deserto algún premio se o xurado considera que os debuxos ou as redaccións non alcanzan a calidade mínima que se pide ou non se axustan ás normas fixadas.*

*H. Entrega de premios:*

*Os premios serán entregados no transcurso dun acto institucional, presidido polo presidente da Deputación, que terá lugar no Centro Cultural Marcos Valcárcel o día 6 de abril de 2015, para conmemorar o día do Estatuto de Autonomía.*

*I.Dereitos de reprodución, edición e comunicación pública dos traballos presentados*

*A Deputación de Ourense resérvase os dereitos reprodución, edición e comunicación pública dos traballos presentados, sempre que esta se realice con carácter gratuíto.*

*Anexo I: Modelo para a presentación individual de traballos para o II Premio Estatuto de Autonomía convocado pola Deputación Provincial de Ourense*

*D/Dª ……………., con DNI ….. e domicilio para efectos de notificacións en …………………………………… teléfono de contacto …… e e – mail de contacto……………. actuando en nome propio / en representación de ………………..,*

*EXPÓN:*

*Que, anexo ao presente escrito, presenta o seguinte traballo ao concurso para o II Premio Estatuto de Autonomía convocado pola Deputación Provincial de Ourense:*

*Modalidade: Debuxo Redacción (táchese o que non proceda)*

*Autor: (nome e apelidos do autor, curso e nivel educativo no que está matriculado e centro escolar).*

*Ourense, ... de .... de 2015.*

*SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE*

*Anexo II: Modelo para a presentación colectiva de traballos para o II Premio Estatuto de Autonomía convocado pola Deputación Provincial de Ourense*

*D/Dª ……………., con DNI ….. e domicilio para efectos de notificacións en …………………………………… teléfono de contacto …… e e – mail de contacto……………. actuando como responsable do centro educativo …..*

*EXPÓN:*

*Que, anexo ao presente escrito, presenta os seguintes traballos ao concurso para o II Premio Estatuto de Autonomía convocado pola Deputación Provincial de Ourense:*

*Modalidade: Debuxo*

*Autores: (nome e apelidos do autor, curso e nivel educativo no que están matriculados).*

*Modalidade: Redacción*

*Autores: (nome e apelidos dos autores e curso de ESO no que están matriculados).*

*Ourense, ... de .... de 2015.*

*SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE*

2º) Aprobar a convocatoria do premio, conforme ás anteriores bases, ordenando a publicación destas no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación, sen prexuízo da posibilidade da súa difusión e publicación adicional por calquera outro medio, a xuízo da Presidencia.

**5.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A CONCELLOS PARA A ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS E RECREATIVAS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2015**.- Unha vez vistas as bases da convocatoria de concurso público para a concesión de subvencións a concellos para a organización de actividades culturais e recreativas 2015, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, adopta o seguinte **acordo**:

**1º.- Aprobar as referidas bases, consonte coas seguintes cláusulas:**

**Primeira.- Obxecto:**

1. O obxecto destas bases é a regulación da tramitación e concesión, por parte da Deputación Provincial de Ourense, de subvencións para o financiamento de proxectos de actividades culturais e/ou recreativas promovidos por concellos da provincia de Ourense e que se realicen durante o ano 2015, mediante convocatoria pública e a través do procedemento de concorrencia competitiva.

2. Para os efectos desta convocatoria, consideraranse actividades culturais as seguintes:

a) Actividades que teñan por obxecto o estudo, difusión, exaltación ou posta en valor do patrimonio cultural material ou inmaterial da sociedade ourensá. Para estes efectos, considéranse incluídas no patrimonio inmaterial as festas e celebracións de carácter marcadamente tradicional ou senlleiro.

b) Actividades que teñan por obxecto o fomento das diversas manifestacións culturais da sociedade ourensá.

Consideraranse subvencionables as actividades consistentes na edición, publicación ou impresión de libros, publicacións seriadas ou obras audiovisuais en calquera soporte.

Consideraranse actividades recreativas aquelas actividades lúdicas ou de lecer de carácter público e gratuíto promovidas por concellos, e dirixidas ao conxunto da poboación ou ben a colectivos precisados de especial atención desde as administracións públicas.

Sen prexuízo do anterior, exclúense do obxecto desta convocatoria, e por conseguinte non poderán obter subvención ao seu abeiro, as seguintes actividades:

- A realización de actuacións escénicas ou musicais, incluídos os festivais ou certames relativos a este tipo de artes. A razón desta exclusión obedece a que estas actividades poderán ser obxecto de subvención a través das convocatorias anuais realizadas por esta Deputación Provincial para o fomento das actividades escénicas e musicais, no marco do Plan Tarazana.

Para estes efectos, nos supostos nos que as actividades recreativas ou culturais cuxa subvención se solicite ao abeiro desta convocatoria inclúan actuacións escénicas ou musicais, os solicitantes deberán excluír as ditas actividades do proxecto, podendo solicitar a correspondente subvención para as ditas actuacións a través da convocatoria correspondente para fomento de actividades escénicas e musicais.

- A realización de excursións ou viaxes culturais ou recreativas.

3. Os concellos poderán presentar cantos proxectos desexen ao abeiro desta convocatoria, sempre que teñan por obxecto a realización de actividades culturais ou recreativas conforme á definición contida no apartado anterior.

**Segunda.- Beneficiarios:**

Poderán ser beneficiarios das subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria os concellos da provincia de Ourense de menos de 20.000 habitantes.

**Terceira.- Dispoñibilidades orzamentarias:**

As subvencións obxecto desta convocatoria intégranse na liña de acción do fomento da cultura contemplada no apartado C.2 do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense e do INORDE para o exercicio 2015.

O financiamento das subvencións reguladas nesta convocatoria realizarase con cargo á aplicación 33420 / 46200 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2015.

A contía máxima dispoñible para a concesión destas subvencións é de 100.000 euros.

**Cuarta.- Contía máxima das subvencións:**

A contía das subvencións obxecto desta convocatoria consistirá nunha porcentaxe do orzamento dos proxectos seleccionados, podendo acadar, como máximo, o 50% do custo

total de cada proxecto para os concellos de máis de 5.000 habitantes e ata o 70% de cada proxecto para os concellos de menos de 5.000 habitantes.

Sen prexuízo do anterior, ningún beneficiario poderá obter, ao abeiro desta convocatoria, subvencións por importe superior a 10.000 € para o conxunto dos distintos proxectos que presente. Para a aplicación desta regra, nos supostos en que un concello presentase diferentes proxectos cuxa valoración conforme co establecido na base 9ª determinase a obtención dunha contía superior ao límite máximo de 10.000 €, a Deputación concederá as subvencións na contía que proceda de conformidade coa dita valoración, seguindo estritamente a orde de puntuación dos distintos proxectos e ata acadar o límite dos 10.000 €, quedando denegada a subvención para os proxectos aos que lles correspondería a contía excedentaria do dito límite. No suposto en que a valoración asignada a un proxecto exceda só parcialmente ese límite, a contía da subvención axustarase ata ese límite máximo.

**Quinta.- Solicitudes: lugar, prazo de presentación e documentación:**

1. As solicitudes, subscritas polo representante legal da entidade interesada, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial de Ourense, mediante a presentación no rexistro xeral desta entidade ou a través de calquera outro medio dos previstos no artigo 38.4 da Lei do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo improrrogable de presentación será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

3. As solicitudes deberán formularse achegando a seguinte documentación:

a) **Documentación administrativa**:

1.- Solicitude dirixida á Presidencia da Deputación no modelo oficial, recollido no Anexo I destas bases. Deberá achegarse unha solicitude para cada proxecto presentado.

2.- Copia cotexada do CIF da entidade.

3.- Copia cotexada do DNI do representante legal da entidade.

4.- Certificado do acordo de aprobación, polo correspondente órgano municipal, da solicitude de subvención para os diferentes proxectos que se presenten.

5.- Declaración responsable comprensiva do feito de non atoparse incurso o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de atoparse a entidade ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social. Para a formulación desta declaración poderá utilizarse o modelo recollido no anexo II destas bases.

6.-Declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións públicas solicitadas para os mesmos fins, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, segundo o modelo anexo III.

7.- Autorización para recibir a través de correo electrónico e/ou sms a comunicación do aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, da publicación do trámite de audiencia da proposta provisional de resolución, da publicación do acordo de resolución do concurso e do aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias na documentación presentada para a xustificación da subvención concedida, segundo o modelo anexo IV.

A presentación do documento sinalado no apartado 5 non é obrigatoria, senón voluntaria, pero, en caso de non presentarse, a Deputación non efectuará ningunha comunicación individual ao interesado relativa á emenda de deficiencias na solicitude, ao trámite de audiencia, ao acordo de resolución do concurso e á emenda de deficiencias na xustificación, publicitándose a información correspondente exclusivamente a través da páxina web e ademais no BOP no caso da resolución do procedemento, conforme co sinalado nas bases 7ª e 11ª, respectivamente.

b) **Documentación para a valoración das solicitudes:**

Presentarase un proxecto descritivo de cada actividade a realizar, que conterá, polo menos, a seguinte información:

a) Memoria descritiva da actividade, incluíndo os seguintes apartados:

a.1) Descrición das actividades que a integran.

a.2) Obxectivos que se pretenden acadar coa organización da actividade

a.3) Prazo ou data de execución.

b) Orzamento individualizado e detallado en ingresos e gastos.

c) Os concellos deberán presentar unha certificación expedida polo secretario – interventor ou, de ser o caso, interventor do concello, na que consten os ingresos municipais ordinarios do derradeiro exercicio liquidado.

d) Se é o caso, memoria do desenvolvemento en exercicios anteriores da mesma actividade para a que se solicita subvención, achegando recortes de prensa, fotos, información na web, datos sobre o desenvolvemento da actividade, participantes e calquera información que sirva para constatar a evolución e incidencia social do programa ou actividade.

Advírtese expresamente que non serán obxecto de valoración, denegándoselles a concesión da subvención a aquelas solicitudes nas que non se acheguen, cando menos, a memoria descritiva co contido definido no apartado a) e o orzamento do apartado b) así como a certificación do apartado c). Procederase de igual xeito nos supostos en que os documentos presentados se atopen incompletos, padezan de defectos esenciais que impidan ou dificulten gravemente a súa valoración ou conteñan datos ou previsións de difícil ou imposible realización.

4. Cada peticionario de axuda deberá presentar unha solicitude no modelo anexo I para cada proxecto diferenciado de actividades culturais para o que se solicite subvención, acompañada do correspondente proxecto descritivo conforme co establecido no apartado anterior. No que se refire á documentación administrativa distinta da solicitude no modelo anexo I, terá carácter común para todos eles, bastando con que se presente nunha das solicitudes.

Dada a natureza competitiva do procedemento de concesión de subvencións, a documentación valorable non será obxecto do trámite de emenda de deficiencias, que só será de aplicación á documentación administrativa.

**Sexta.- Gastos subvencionables:**

Consideránse gastos subvencionables aqueles que, atopándose incluídos nos conceptos recollidos no artigo 31 da Lei xeral de subvencións, forman parte do desenvolvemento da actividade ou programa obxecto desta convocatoria.

En todo caso, non terán o carácter de gastos subvencionables os seguintes:

a) Gastos de mantemento de locais
b) Gastos de persoal municipal

c) Investimentos consistentes na realización de calquera tipo de obras
d) Gastos de adquisición de bens inventariables.
e) Os impostos indirectos, cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, e os impostos persoais sobre a renda.
f) Os xuros, recargas e sancións administrativas e xudiciais.
g) Xuros debedores de contas bancarias.

**Sétima.- Procedemento de concesión:**

1. O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva.

2. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas remitiránselle ao Negociado de Concursos da Sección de Subvencións, para a instrución do expediente e comprobación da corrección da documentación administrativa achegada.

Unha vez examinada a documentación, a Presidencia concederá un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada. Dado o carácter competitivo do procedemento, advírtese expresamente que en ningún caso se concederá prazo para a mellora da documentación valorable.

Para a achega desta documentación poderá utilizarse como oficio de remisión o modelo recollido no anexo V destas bases.

Ao abeiro do disposto no artigo 59.6.b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, o requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación na páxina web http://www.depourense.es, cidadanía, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, acceso a concursos, concurso para a concesión de subvencións a concellos para a organización de actividades culturais e recreativas ano 2015.

No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándoselle unicamente e en todo caso, na antedita páxina web.

3. Transcorrido o prazo de emenda de deficiencias, e instruído o expediente pola Sección de Subvencións, esta emitirá informe con proposta de admisión e non admisión de solicitudes e remitiralle o expediente á Comisión de Valoración, que procederá a formular a proposta de resolución conforme coas regras seguintes:

a) Con respecto aos proxectos para os que non se achegase de modo completo e no prazo establecido a documentación administrativa, formularase proposta de non admisión a trámite das súas solicitudes.
b) Con respecto ao resto de proxectos, proporase a súa admisión a trámite, procedendo a formular proposta de valoración das solicitudes conforme cos criterios recollidos na base novena.

4. A proposta provisional de resolución será sometida a trámite de audiencia aos interesados por prazo de dez días hábiles mediante a páxina web http://www.depourense.es, cidadanía, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, acceso a concursos, concurso para a concesión de subvencións a concellos para a organización de actividades culturais e recreativas ano 2015.

No caso de non ter presentado a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª apartado 3a) punto 7, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándoselle unicamente e en todo caso, na antedita páxina web.

Durante o dito prazo, os interesados poderán formular as alegacións que estimen oportunas fronte á proposta provisional. As ditas alegacións serán resoltas expresamente pola Comisión de Valoración a través da proposta definitiva. No caso de non formularse alegacións, a proposta provisional considerarase definitiva, continuándose coa tramitación conforme co disposto na base 9ª.

**Oitava.- Comisión de Valoración:**

A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: o presidente da Deputación Provincial ou deputado en quen delegue.
- Vogais:
  - O secretario xeral da Deputación ou funcionario que legalmente o substitúa.
  - O vicesecretario xeral da Deputación ou funcionario que legalmente o substitúa.
  - A interventora da Deputación ou funcionario que legalmente a substitúa.
  - Un funcionario do Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio.

Actuará como secretaria da comisión a xefa da Sección de Subvencións, coas funcións propias dunha secretaria de actas.

Sé é o caso, a Presidencia poderá nomear técnicos e expertos de recoñecida competencia en materia cultural que actuarán como asesores da comisión**.**

**Novena.- Criterios para a concesión de subvencións:**

1. Para a concesión das subvencións, así como para a fixación da súa contía, a comisión de valoración terá en conta os seguintes criterios:

a) Interese social da actividade cultural ou recreativa en función do seu contido e obxectivos, do orzamento da actividade e de calquera outro indicador obxectivo que permita valorar a súa incidencia de cara ao fomento da creación cultural, a conservación ou posta en valor do patrimonio material ou inmaterial ou a creación dunha oferta pública relevante de actividades de lecer, así como o seu especial interese polo seu carácter senlleiro e especial calidade, dimensión ou proxección internacional, o seu recoñecemento oficial como actividade de interese turístico ou cultural e calquera outra circunstancia análoga.

Este criterio valorarase ata un máximo de 30 puntos.

b) Esforzo orzamentario do concello. A determinación do esforzo orzamentario para cada proxecto presentado realizarase en función da porcentaxe de gasto que o proxecto represente verbo dos recursos ordinarios municipais do derradeiro exercicio liquidado. Para a determinación desta porcentaxe, a comisión considerará como gasto municipal no proxecto o mínimo previsto nestas bases, é dicir, o 30 % do custe do proxecto no caso de concellos de menos de 5.000 habitantes e o 50 % no caso do resto de concellos . Este criterio valorarase ata un máximo de 15 puntos.

c) Esforzo de autofinanciamento realizado polo solicitante, determinado pola existencia de fonte de autofinanciamento ou financiamento privado da actividade.

- Máis do 50% de autofinanciamento: 10 puntos.
- Máis do 25% de autofinanciamento: 7 puntos.
- Máis do 15% de autofinanciamento: 5 puntos.
- Máis do 7,5% de autofinanciamento: 3 puntos.
- Máis do 5% de autofinanciamento: 2 puntos.
- Menos do 5% de autofinanciamento: 1 puntos.
- Sen autofinanciamento: 0 puntos.

2. Os criterios sinalados nos apartados b) e c), conforme co establecido no artigo 7.3.d) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, aplicaranse

mediante o emprego de fórmulas obxectivas de carácter automático. O criterio sinalado no apartado a) responderá a un xuízo de valor motivado da comisión. O emprego deste criterio considérase xustificado, a fin de poder valorar elementos cualitativos das actividades obxecto de subvención, de imposible valoración obxectiva dada a súa peculiar índole, ao tratarse de actividades culturais e recreativas.

3. A Comisión de Valoración, en atención ao número de proxectos solicitados, poderá establecer a necesidade de obter unha puntuación mínima para a concesión de subvencións. Se é o caso, os proxectos que obteñan unha puntuación inferior á mínima establecida pola comisión incluiranse na lista de reserva prevista na base 10ª.

4. Con independencia da súa valoración, en ningún caso se lle concederá a un proxecto unha subvención superior á da contía pedida na solicitude.

5. En todo caso, a valoración terá carácter individualizado para cada proxecto que se presente, aplicándose as regras establecidas na base 4ª para a asignación da contía das subvencións.

**Décima.- Resolución:**

A proposta da Comisión de Valoración elevaráselle á Xunta de Goberno da Deputación, para a súa resolución. O prazo máximo de resolución será de catro meses desde o remate do prazo de corrección de deficiencias documentais, de ser o caso, ou desde o remate do prazo de presentación de instancias. A falla de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución axustarase á proposta da Comisión de Valoración, agás naqueles supostos en que a Xunta de Goberno considere que a dita proposta incorre en infracción do disposto nestas bases ou na lexislación aplicable, en cuxo caso solicitaralle á comisión, tras os informes previos que considere oportunos, a formulación dunha nova proposta axustada ás bases e á normativa de aplicación. A comisión deberá formular esta nova proposta no prazo de quince días. No caso de non o facer así, a Xunta de Goberno resolverá conforme coa proposta inicial, introducindo as modificacións precisas para garantir o cumprimento do establecido nas bases e na lexislación vixente.

Os beneficiarios poderán rexeitar a subvención concedida no prazo de quince días dende a publicación do acordo de concesión no Boletín Oficial da Provincia. En caso de que

non comuniquen de xeito expreso o seu rexeitamento, entenderase que aceptan a subvención na contía concedida.

O incumprimento da obriga de comunicar a renuncia á subvención poderá ser considerado infracción administrativa, conforme co disposto no artigo 56 da Lei xeral de subvencións, dando lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador.

No suposto de que existisen proxectos de actividades que, cumprindo cos requisitos establecidos nas presentes bases, non puidesen obter subvención debido ao esgotamento do crédito dispoñible coa concesión das subvencións ás solicitudes que obtivesen maior puntuación, a resolución conterá unha relación ordenada destas solicitudes, para os efectos previstos no artigo 63.3 do Regulamento da Lei xeral de Subvencións. Na súa virtude, e en caso de producirse remanentes pola renuncia ou perda do dereito ás subvencións por parte dalgún beneficiario, a Xunta de Goberno, sen necesidade de proceder a unha nova convocatoria, poderá acordar a concesión da subvención que proceda ao seguinte ou seguintes solicitantes, por orde de puntuación.

**Undécima.- Publicación do acordo de concesión:**

Ao abeiro do disposto no artigo 59.6.b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, a resolución do procedemento non será obxecto de notificación individualizada aos afectados, senón que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web http://www.depourense.es, cidadanía, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, acceso a concursos, concurso para a concesión de subvencións a concellos para a organización de actividades culturais e recreativas ano 2015.

Sen prexuízo do anterior, aos solicitantes que presenten a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª apartado 3 a) punto 7 realizaráselles unha comunicación persoal por sms ou correo electrónico, advertindo da publicación da resolución na páxina web http://www.depourense.es. No caso de que non presenten a dita autorización, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal.

**Décimo segunda.- Publicidade da subvención por parte do beneficiario:**

O beneficiario da subvención deberá adoptar medidas de difusión da subvención concedida, para darlle unha axeitada publicidade ao carácter público do financiamento da súa actividade, debendo realizar como mínimo as seguintes medidas de difusión:

Inclusión da imaxe institucional da Deputación Provincial de Ourense ou dunha lenda alusiva ao feito de que a actividade está subvencionada pola Deputación, nos carteis e materiais impresos da súa actividade e, se é o caso, na páxina web da entidade subvencionada.

No caso de incumprimento desta obriga, a Deputación poderá ordenar a adopción das medidas alternativas previstas no artigo 31 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. No caso de que se incumpran tamén estas medidas, o incumprimento da obriga poderá ser causa de perda do dereito á subvención ou de reintegro ata un importe do 20% da subvención concedida, importe que se determinará en función da gravidade do incumprimento.

Non obstante, non se esixirá o cumprimento desta obriga no suposto de actividades totalmente realizadas con anterioridade á resolución da presente convocatoria.

**<u>Décimo terceira.- Xustificación e pago da subvención:</u>**

1. A subvención xustificarase mediante a presentación dos seguintes documentos:

A) Certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se fagan constar os seguintes extremos, respecto ao proxecto/actuación subvencionado/a:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.
- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

B) Certificación do número de conta expedida pola entidade financeira correspondente.

C) Acreditación das medidas de difusión adoptadas (mediante presentación de copia dos impresos nos que figuren as ditas medidas de difusión) ou da súa inclusión na páxina

web da entidade (indicando o enderezo da dita páxina web, para a súa comprobación polos servizos provinciais).

Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

2. De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a execución do proxecto ou programa de actividades, a conta xustificativa presentada deberá acreditar a súa realización completa, independentemente de que o importe da subvención concedida sexa inferior ao orzamento total do proxecto ou programa. No suposto en que só se xustifique a súa execución parcial, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos supostos en que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención, nos que procederá a perda total do dereito á subvención.

3. De advertirse deficiencias de carácter emendable na conta xustificativa, a Presidencia concederá un prazo de dez días hábiles para a súa emenda. Ao abeiro do disposto no artigo 59.6.b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, o requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación na páxina web http://www.depourense.es, cidadanía, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, acceso a concursos, concurso para a concesión de subvencións a concellos para a organización de actividades culturais e recreativas ano 2015.

No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª apartado 3a) punto 7, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándoselle unicamente e en todo caso, por edicto no taboleiro de anuncios e na antedita páxina web.

4. Se a conta xustificativa fose presentada correctamente, mediante resolución da Presidencia declararase xustificada a subvención, o que se lles notificará aos interesados con indicación dos recursos que procedan e do prazo máximo de pago, que será de trinta días

naturais contados desde a data da resolución. No suposto no que se advirta, no trámite de xustificación da subvención, a falta total ou parcial da xustificación esixible, procederase á incoación do expediente de perda do dereito á subvención que corresponda. No suposto de procedementos de perda do dereito á subvención de carácter parcial, estes tramitaranse de xeito acumulado co procedemento de xustificación, resolvéndose nun único acto administrativo todas as cuestións que suscite o expediente.

5. A competencia para declarar xustificada ou non unha subvención, así como para o exercicio das accións de reintegro ou declaración de perda do dereito á subvención e para o exercicio da potestade sancionadora, corresponderalle á Presidencia, ou ao deputado no que delegue.

6. Sen prexuízo do anterior (e adicionalmente ao control financeiro simplificado previsto no apartado 2, parágrafo 2º desta base) a Intervención da Deputación Provincial poderán esixir aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións.

7. A xustificación deberá realizarse ante a Deputación, como data límite, o 31 de outubro de 2015. O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes do 31 de outubro. En ningún caso se poderán conceder prórrogas por un período superior a un mes e medio.

8. Como regra xeral, as subvencións seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais desde que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a pedimento dos interesados, suxeitos á constitución de garantía por importe do 100% do anticipo solicitado. Para estes efectos, admitiranse as seguintes garantías:

a) Aval de entidade de crédito

b) Seguro de caución

c) Fianza en metálico

d) No suposto de subvencións por importe de ata 6.000 euros, admitirase fianza solidaria prestada por dúas ou máis persoas físicas e xurídicas, sempre que estas acrediten suficientemente a súa solvencia económica.

Non obstante o anterior, estarán exentas da prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que, no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 2% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante.

**Décimo cuarta.- Obrigas dos beneficiarios:**

Con carácter xeral, os beneficiarios asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na dita lei, así como ás obrigas de publicidade.

**Décimo quinta.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas:**

As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas, concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou do seu organismo autónomo, o INORDE, para os mesmos gastos ou por entidades ou empresas privadas, sempre que o conxunto das ditas axudas non exceda do 100% do gasto da actividade subvencionada.

En consecuencia, estas subvencións son incompatibles con calquera outra concedida pola Deputación Provincial de Ourense ou polo INORDE para a mesma finalidade, con independencia da súa contía e procedemento de concesión.

**Décimo sexta.- Reintegro ou perda do dereito ao cobro das subvencións:**

En caso de incumprimento do beneficiario por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, procederase á tramitación dun expediente de reintegro, ou, se é o caso, de perda do dereito á subvención concedida. A obriga de reintegro ou a perda do dereito poderá ser total ou parcial, en función da gravidade do incumprimento do beneficiario, graduándose de acordo co principio de proporcionalidade. En todo caso, o reintegro incluirá sempre e como mínimo os importes cuxo gasto non se xustificase en prazo.

Unha vez tramitado o expediente de reintegro ou perda do dereito á subvención, concederáselle ao interesado un prazo de quince días hábiles para que poida comparecer no expediente, tomar audiencia e, á vista deste, propor as probas e realizar as alegacións que

teña por conveniente. Concluídas estas actuacións e emitidos os informes oportunos, ditarase a resolución que corresponda pola Presidencia.

**Décimo sétima.- Normativa supletoria:**

En todo o non disposto nestas bases seralle de aplicación á presente convocatoria e ás subvencións que se concedan ao seu abeiro o disposto na normativa de subvencións aplicable á administración local, así como na lexislación vixente en materia de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

**2º.- Aprobar a convocatoria das subvencións reguladas nas devanditas bases, ordenando a inserción do correspondente anuncio no BOP, e acordar a aprobación do gasto correspondente.**

## ANEXOS:

### ANEXO I

**SOLICITUDE SUBVENCIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS E RECREATIVAS A CONCELLOS ANO 2015**

| | | |
|---|---|---|
| D/D.ª | | DNI/NIE |
| REPRESENTANTE LEGAL DE | | CIF |
| ENDEREZO | PROVINCIA | CÓDIGO POSTAL |
| TELEFONO FIXO | TELÉFONO MOBIL | |
| ENDEREZO ELECTRÓNICO | | |

**E X P Ó N:**

Que a entidade que represento cumpre os requisitos esixidos na convocatoria de subvencións do ano 2015 para a organización de actividades culturais e recreativas polos concellos de menos de 20.000 habitantes con domicilio na provincia de Ourense.

Que asume todos os compromisos reflectidos na devandita convocatoria e acompaña a documentación esixida nesta.

**SOLICITA SUBVENCIÓN PARA O SEGUINTE PROXECTO:**

| | |
|---|---|
| DENOMINACIÓN DO PROXECTO | |
| ORZAMENTO DO PROXECTO | € |
| CONTÍA SOLICITADA | € |

Ourense, _____ de ________________ de 2015.

(Selo da entidade) (Sinatura)

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.**

## ANEXO II
## DECLARACIÓN

| D/D.ª | DNI/NIE |
|---|---|
| En representación da entidade: | |

**DECLARO:**

- Non atoparme incurso/a en ningún dos supostos de incompatibilidade aos que se refire o artigo 13.2 d) da Lei xeral de subvencións.

- Que a entidade á que represento non se atopa incursa en ningunha das prohibicións de obtención de subvencións da Deputación Provincial de Ourense ás que se refire o artigo 13 da Lei xeral de subvencións.

- Que a entidade á que represento está ao día nas súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal e Autonómica e coa Seguridade Social.

E para que conste, para os efectos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, asino esta declaración en Ourense, o _______de_______________do 2015.

Asdo.:____________________________
(O representante da entidade)

## ANEXO III
## DECLARACIÓN

| D/D.ª | DNI/NIE |
|---|---|
| En representación da entidade: | |

**DECLARA:**

| | |
|---|---|
| ❑ | Non ter solicitada nin, en consecuencia, ter concedida ningunha axuda para o mesmo fin, sexa pública ou privada. |
| ❑ | Que presentou a/as solicitude/s e que lle foi/foron concedida/s, se é o caso, a/s seguinte/s axuda/s para o mesmo fin: |

| Organismo ou entidade ao que solicita | Data solicitude | Concesión (1) | Contía |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |

(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicarase pendente na columna. No caso de solicitudes denegadas, farase constar denegada.

Ourense,_______, de_________________ de 2015

Asdo.:_____________________________

(O representante da entidade)

**ANEXO IV**
**AUTORIZACIÓN**

| D/D.ª | DNI/NIE |
|---|---|
| En representación da entidade: | |

**AUTORIZO:**

Á Deputación Provincial de Ourense a facerme as comunicacións para recibir, a través do correo electrónico e/ou sms, indicados na solicitude, a comunicación do aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, do anuncio do trámite de audiencia, da publicación do acordo de resolución do concurso, e de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias na documentación presentada para a xustificación da subvención outorgada no concurso para a concesión de subvencións a concellos para a organización de actividades culturais e recreativas no ano 2015.

Ourense________de________________de 2015

Asdo.:_____________________________

(O representante da entidade)

**ANEXO V**

D./Dª.________________________________________con DNI________________, en representación de__________________________________________, con CIF____________________, achégolle a documentación solicitada para unir ao expediente de solicitude de subvención para a organización de actividades culturais e recreativas a concellos 2015.

Ourense, _____ de _____________de 2015

Asdo.: _____________________________________
(Nome e apelidos)

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE. NEGOCIADO DE CONCURSOS.**

**6.- BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS E RECREATIVAS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2015**.- Unha vez vistas as bases da convocatoria de concurso público para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a organización de actividades culturais e recreativas 2015, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, adopta o seguinte **acordo**:

**1º.- Aprobar as referidas bases, consonte coas seguintes cláusulas:**

**Primeira.- Obxecto:**

1. O obxecto destas bases é a regulación da tramitación e concesión, por parte da Deputación Provincial de Ourense, de subvencións para o financiamento de proxectos de actividades culturais e/ou recreativas promovidos por entidades sen ánimo de lucro da provincia de Ourense e que se realicen durante o ano 2015, mediante convocatoria pública e a través do procedemento de concorrencia competitiva.

2. Para os efectos desta convocatoria, consideraranse actividades culturais as seguintes:

a) Actividades que teñan por obxecto o estudo, difusión, exaltación ou posta en valor do patrimonio cultural material ou inmaterial da sociedade ourensá. Para estes efectos,

considéranse incluídas no patrimonio inmaterial as festas e celebracións de carácter marcadamente tradicional ou senlleiro.

b) Actividades que teñan por obxecto o fomento das diversas manifestacións culturais da sociedade ourensá.

Consideraranse subvencionables as actividades consistentes na edición, publicación ou impresión de libros, publicacións seriadas ou obras audiovisuais en calquera soporte.

Consideraranse actividades recreativas aquelas actividades lúdicas ou de lecer de carácter público e gratuíto promovidas por entidades sen ánimo de lucro, e dirixidas ao conxunto da poboación ou ben a colectivos precisados de especial atención desde as administracións públicas.

Sen prexuízo do anterior, exclúense do obxecto desta convocatoria, e por conseguinte non poderán obter subvención ao seu abeiro, as seguintes actividades:

- A realización de actuacións escénicas ou musicais, incluídos os festivais ou certames relativos a este tipo de artes. A razón desta exclusión obedece a que estas actividades poderán ser obxecto de subvención a través das convocatorias anuais realizadas por esta Deputación Provincial para o fomento das actividades escénicas e musicais, no marco do Plan Tarazana.

Para este efectos, nos supostos nos que as actividades recreativas ou culturais cuxa subvención se solicite ao abeiro desta convocatoria inclúan actuacións escénicas ou musicais, os solicitantes deberán excluír as ditas actividades do proxecto, podendo solicitar a correspondente subvención para as ditas actuacións a través da convocatoria correspondente para fomento de actividades escénicas e musicais.

- A realización de excursións ou viaxes culturais ou recreativas.

3. As entidades sen ánimo de lucro poderán presentar cantos proxectos desexen ao abeiro desta convocatoria, sempre que teñan por obxecto a realización de actividades culturais ou recreativas conforme á definición contida no apartado anterior.

**Segunda.- Beneficiarios:**

Poderán ser beneficiarios das subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria as entidades sen ánimo de lucro con domicilio na provincia de Ourense.

**Terceira.- Dispoñibilidades orzamentarias:**

As subvencións obxecto desta convocatoria intégranse na liña de acción do fomento da cultura contemplada no apartado C.2 do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense e do INORDE para o exercicio 2015.

O financiamento das subvencións reguladas nesta convocatoria realizarase con cargo á aplicación 33417 / 48900 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2015.

A contía máxima dispoñible para a concesión destas subvencións é de 150.000 euros.

**Cuarta.- Contía máxima das subvencións:**

A contía das subvencións obxecto desta convocatoria consistirá nunha porcentaxe do orzamento dos proxectos seleccionados, podendo acadar, como máximo, o 50% do custo total de cada proxecto**.**

Sen prexuízo do anterior, ningún beneficiario poderá obter, ao abeiro desta convocatoria, subvencións por importe superior a 10.000 € para o conxunto dos distintos proxectos que presente. Para a aplicación desta regra, nos supostos en que unha entidade presentase diferentes proxectos cuxa valoración conforme co establecido na base 9ª determinase a obtención dunha contía superior ao límite máximo de 10.000 €, a Deputación concederá as subvencións na contía que proceda de conformidade coa dita valoración, seguindo estritamente a orde de puntuación dos distintos proxectos e ata acadar o límite dos 10.000 €, quedando denegada a subvención para os proxectos aos que correspondería a contía excedentaria do dito límite. No suposto en que a valoración asignada a un proxecto exceda só parcialmente ese límite, a contía da subvención axustarase ata ese límite máximo.

**Quinta.- Solicitudes: lugar, prazo de presentación e documentación:**

1. As solicitudes, subscritas polo representante legal da entidade interesada, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial de Ourense, mediante a presentación no rexistro xeral desta entidade ou a través de calquera outro medio dos previstos no artigo 38.4 da Lei do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo improrrogable de presentación será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

3. As solicitudes deberán formularse achegando a seguinte documentación:

a) Documentación administrativa:

1.- Solicitude dirixida á Presidencia da Deputación no modelo oficial, recollido no Anexo I destas bases.

2.- Copia cotexada do CIF da entidade.

3.- Copia cotexada do DNI do representante da entidade.

4.- Certificado de inscrición no rexistro oficial correspondente ao tipo de entidade de que se trate.

5.- Estatutos sociais da entidade.

6.- Poder co que actúe o representante da entidade, agás que a dita función lle corresponda conforme cos estatutos sociais, en razón do seu cargo na entidade, en cuxo caso a validez da representación se acreditará mediante documento acreditativo do seu nomeamento ou elección.

7.- Declaración responsable comprensiva do feito de non atoparse incurso o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de atoparse a entidade ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social. Para a formulación desta declaración poderá utilizarse o modelo recollido no anexo II destas bases.

8.- Declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas para os mesmos fins, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, sexan públicas ou privadas, segundo o modelo anexo III.

9.- Autorización para recibir a través de correo electrónico e/ou sms a comunicación de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, da publicación do anuncio de inicio do trámite de audiencia da proposta provisional de resolución, da publicación do acordo de resolución do concurso, e do aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias na documentación presentada para a xustificación da subvención concedida, segundo o modelo anexo IV.

A presentación do documento sinalado no apartado 9 non é obrigatoria, senón voluntaria, pero, en caso de non presentarse, a Deputación non efectuará ningunha comunicación individual ao interesado relativa á emenda de deficiencias na solicitude, ao trámite de audiencia, ao acordo de resolución do concurso, e á emenda de deficiencias na xustificación, publicitándose a información correspondente exclusivamente a través da

páxina web e ademais no BOP, no caso da resolución do procedemento, conforme co sinalado nas bases 7ª e 11ª, respectivamente.

As entidades sen ánimo de lucro estarán eximidos de presentar os documentos sinalados nos apartados 2, 3, 4, 5 e 6 cando estes documentos xa obrasen en poder da Deputación, agás no caso en que se producisen modificacións no contido dos ditos documentos ou nas circunstancias de feito ou de dereito que se reflicten neles, suposto no que se deberá presentar o novo documento que substitúa ao anterior. Para estes efectos, os solicitantes deberán facer constar na súa solicitude que se acollen expresamente a este dereito, mediante o modelo oficial que figura no anexo V. Este modelo deberá ser cuberto correctamente para producir efectos. En caso de que non se presente ou se presente incompleto, non se terá en conta para os efectos da tramitación do expediente.

b) **Documentación para a valoración das solicitudes:**

Presentarase un proxecto descritivo de cada actividade a realizar, que conterá, polo menos, a seguinte información:

a) Memoria descritiva da actividade, incluíndo os seguintes apartados:

a.1) Descrición das actividades que a integran.

a.2) Obxectivos que se pretenden acadar coa organización da actividade

a.3) Prazo ou data de execución.

b) Orzamento individualizado e detallado en ingresos e gastos.

c) Certificado dos ingresos do último exercicio liquidado.

Se é o caso, memoria do desenvolvemento en exercicios anteriores da mesma actividade para a que se solicita subvención, achegando recortes de prensa, fotos, información na web, datos sobre o desenvolvemento da actividade, participantes e calquera información que sirva para constatar a evolución e incidencia social do programa ou actividade.

Advírtese expresamente que non serán obxecto de valoración, denegándoselles a concesión da subvención a aquelas solicitudes nas que non se acheguen, cando menos, a memoria descritiva co contido definido no apartado a) e o orzamento do apartado b) así como a certificación do apartado c). Procederase de igual xeito nos supostos en que os documentos presentados se atopen incompletos, padezan de defectos esenciais que impidan

ou dificulten gravemente a súa valoración ou conteñan datos ou previsións de difícil ou imposible realización.

4. Cada peticionario de axuda deberá presentar unha solicitude no modelo anexo I para cada proxecto diferenciado de actividades culturais para o que se solicite subvención, acompañada do correspondente proxecto descritivo conforme co establecido no apartado anterior. No que se refire á documentación administrativa distinta da solicitude no modelo anexo I, terá carácter común para todos eles, bastando con que se presente nunha das solicitudes.

**Sexta.- Gastos subvencionables:**

Considéranse gastos subvencionables aqueles que, atopándose incluídos nos conceptos recollidos no artigo 31 da Lei xeral de subvencións, forman parte do desenvolvemento da actividade ou programa obxecto desta convocatoria.

En todo caso, non terán o carácter de gastos subvencionables os seguintes:

h) Gastos de mantemento de locais
i) Gastos de persoal, salvo que consista nun contrato para a realización do proxecto obxecto de subvención.
j) Investimentos consistentes na realización de calquera tipo de obras
k) Gastos de adquisición de bens inventariables.
l) Os impostos indirectos, cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, e os impostos persoais sobre a renda.
m) Os xuros, recargas e sancións administrativas e xudiciais.
n) Xuros debedores de contas bancarias.

**Sétima.- Procedemento de concesión:**

1. O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva.

2. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas remitiránselle ao Negociado de Concursos da Sección de Subvencións, para a instrución do expediente e comprobación da corrección da documentación administrativa achegada.

Unha vez examinada a documentación, a Presidencia concederá un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada. Dado o carácter competitivo do procedemento, advírtese expresamente que en ningún caso se concederá prazo para a mellora da documentación valorable.

Para a achega desta documentación poderá utilizarse como oficio de remisión o modelo recollido no anexo VI destas bases.

Ao abeiro do disposto no artigo 59.6.b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, o requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación na páxina web http://www.depourense.es, cidadanía, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, acceso a concursos, concurso para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a organización de actividades culturais e recreativas ano 2015.

No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándoselle unicamente e en todo caso, na antedita páxina web.

3. Transcorrido o prazo de emenda de deficiencias, e instruído o expediente pola Sección de Subvencións, esta emitirá informe con proposta de admisión e non admisión de solicitudes e remitiralle o expediente á Comisión de Valoración, que procederá a formular a proposta de resolución conforme coas regras seguintes:

c) Con respecto aos proxectos para os que non se achegase de modo completo e no prazo establecido a documentación administrativa, formularase proposta de non admisión a trámite das súas solicitudes.

d) Con respecto ao resto de proxectos, proporase a súa admisión a trámite, procedendo a formular proposta de valoración das solicitudes conforme cos criterios recollidos na base novena.

4. A proposta provisional de resolución será sometida a trámite de audiencia aos interesados por prazo de dez días hábiles mediante a páxina web http://www.depourense.es, cidadanía, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, acceso a concursos, concurso para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a organización de actividades culturais e recreativas ano 2015.

No caso de non ter presentado a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª apartado 3a) punto 9, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándoselle unicamente e en todo caso, na antedita páxina web.

Durante o dito prazo, os interesados poderán formular as alegacións que estimen oportunas fronte á proposta provisional. As ditas alegacións serán resoltas expresamente pola Comisión de Valoración a través da proposta definitiva. No caso de non formularse alegacións, a proposta provisional considerarase definitiva, continuándose coa tramitación conforme co disposto na base 9ª.

**Oitava.- Comisión de valoración:**

A comisión de valoración estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: o presidente da Deputación Provincial ou deputado en quen delegue.
- Vogais:
  - O secretario xeral da Deputación ou funcionario que legalmente o substitúa.
  - O vicesecretario xeral da Deputación ou funcionario que legalmente o substitúa.
  - A interventora da Deputación ou funcionario que legalmente a substitúa.
  - Un funcionario do Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio.

Actuará como secretaria da comisión a xefa da Sección de Subvencións, coas funcións propias dunha secretaria de actas.

Sé é o caso, a Presidencia poderá nomear técnicos e expertos de recoñecida competencia en materia cultural que actuarán como asesores da comisión**.**

**Novena.- Criterios para a concesión de subvencións:**

1. Para a concesión das subvencións, así como para a fixación da súa contía, a comisión de valoración terá en conta os seguintes criterios:

a) Interese social da actividade cultural ou recreativa en función do seu contido e obxectivos, do orzamento da actividade e de calquera outro indicador obxectivo que permita valorar a súa incidencia de cara ao fomento da creación cultural, a conservación ou posta en valor do patrimonio material ou inmaterial ou a creación dunha oferta pública relevante de actividades de lecer, así como o seu especial interese polo seu carácter senlleiro e especial calidade, dimensión ou proxección internacional, o seu recoñecemento oficial como actividade de interese turístico ou cultural e calquera outra circunstancia análoga.

Este criterio valorarase ata un máximo de 30 puntos.

b) Esforzo orzamentario da entidade sen ánimo de lucro. A determinación do esforzo orzamentario para cada proxecto presentado realizarase en función da porcentaxe de

gasto que o proxecto represente verbo e dos ingresos do último exercicio liquidado das entidades sen ánimo de lucro. Para a determinación desta porcentaxe, a comisión considerará como gasto no proxecto o mínimo previsto nestas bases, é dicir, o 30 % do custe do proxecto das entidades sen ánimo de lucro. Este criterio valorarase ata un máximo de 15 puntos.

c) Esforzo de autofinanciamento realizado polo solicitante, determinado pola existencia de fonte de autofinanciamento ou financiamento privado da actividade.

- Máis do 50% de autofinanciamento: 10 puntos.
- Máis do 25% de autofinanciamento: 7 puntos.
- Máis do 15% de autofinanciamento: 5 puntos.
- Máis do 7,5% de autofinanciamento: 3 puntos.
- Máis do 5% de autofinanciamento: 2 puntos.
- Menos do 5% de autofinanciamento: 1 puntos.
- Sen autofinanciamento: 0 puntos.

2. Os criterios sinalados nos apartados b) e c), conforme co establecido no artigo 7.3.d) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, aplicaranse mediante o emprego de fórmulas obxectivas de carácter automático. O criterio sinalado no apartado a) responderá a un xuízo de valor motivado da comisión. O emprego deste criterio considérase xustificado, a fin de poder valorar elementos cualitativos das actividades obxecto de subvención, de imposible valoración obxectiva dada a súa peculiar índole, ao tratarse de actividades culturais e recreativas.

3. A Comisión de Valoración, en atención ao número de proxectos solicitados, poderá establecer a necesidade de obter unha puntuación mínima para a concesión de subvencións. Se é o caso, os proxectos que obteñan unha puntuación inferior á mínima establecida pola comisión incluiranse na lista de reserva prevista na base 10ª.

4. Con independencia da súa valoración, en ningún caso se lle concederá a un proxecto unha subvención superior á da contía pedida na solicitude.

5. En todo caso, a valoración terá carácter individualizado para cada proxecto que se presente, aplicándose as regras establecidas na base 4ª para a asignación da contía das subvencións.

**Décima.- Resolución:**

A proposta da Comisión de Valoración elevaráselle á Xunta de Goberno da Deputación, para a súa resolución. O prazo máximo de resolución será de catro meses desde o remate do prazo de corrección de deficiencias documentais, de ser o caso, ou desde o remate do prazo de presentación de instancias. A falla de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución axustarase á proposta da Comisión de Valoración, agás naqueles supostos en que a Xunta de Goberno considere que a dita proposta incorre en infracción do disposto nas presentes bases ou na lexislación aplicable, en cuxo caso solicitaralle á comisión, tras os informes previos que considere oportunos, a formulación dunha nova proposta axustada ás bases e á normativa de aplicación. A comisión deberá formular esta nova proposta no prazo de quince días. No caso de non o facer así, a Xunta de Goberno resolverá conforme coa proposta inicial, introducindo as modificacións precisas para garantir o cumprimento do establecido nas bases e na lexislación vixente.

Os beneficiarios poderán rexeitar a subvención concedida no prazo de quince días dende a publicación do acordo de concesión no Boletín Oficial da Provincia. En caso de que non comuniquen de xeito expreso o seu rexeitamento, entenderase que aceptan a subvención na contía concedida

O incumprimento da obriga de comunicar a renuncia á subvención poderá ser considerado infracción administrativa, conforme co disposto no artigo 56 da Lei xeral de subvencións, dando lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador.

No suposto de que existisen proxectos de actividades que, cumprindo cos requisitos establecidos nas presentes bases, non puidesen obter subvención debido ao esgotamento do crédito dispoñible coa concesión das subvencións ás solicitudes que obtivesen maior puntuación, a resolución conterá unha relación ordenada destas solicitudes, para os efectos previstos no artigo 63.3 do Regulamento da Lei xeral de Subvencións. Na súa virtude, e en caso de producirse remanentes pola renuncia ou perda do dereito ás subvencións por parte dalgún beneficiario, a Xunta de Goberno, sen necesidade de proceder a unha nova convocatoria, poderá acordar a concesión da subvención que proceda ao seguinte ou seguintes solicitantes, por orde de puntuación.

**Undécima.- Publicación do acordo de concesión:**

Ao abeiro do disposto no artigo 59.6.b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, a resolución do procedemento non será obxecto de notificación individualizada aos afectados, senón que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web http://www.depourense.es, cidadanía, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, acceso a concursos, concurso para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a organización de actividades culturais e recreativas ano 2015.

Sen prexuízo do anterior, aos solicitantes que presenten a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª apartado 3 a) punto 9 realizaráselles unha comunicación persoal por sms ou correo electrónico, advertindo da publicación da resolución na páxina web http://www.depourense.es. No caso de que non presenten a dita autorización, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal.

**Décimo segunda.- Publicidade da subvención por parte do beneficiario:**

O beneficiario da subvención deberá adoptar medidas de difusión da subvención concedida, para darlle unha axeitada publicidade ao carácter público do financiamento da súa actividade, debendo realizar como mínimo as seguintes medidas de difusión:

Inclusión da imaxe institucional da Deputación Provincial de Ourense ou dunha lenda alusiva ao feito de que a actividade está subvencionada pola Deputación, nos carteis e materiais impresos da súa actividade e, se é o caso, na páxina web da entidade subvencionada.

No caso de incumprimento desta obriga, a Deputación poderá ordenar a adopción das medidas alternativas previstas no artigo 31 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. No caso de que se incumpran tamén estas medidas, o incumprimento da obriga poderá ser causa de perda do dereito á subvención ou de reintegro ata un importe do 20% da subvención concedida, importe que se determinará en función da gravidade do incumprimento.

Non obstante, non se esixirá o cumprimento desta obriga no suposto de actividades totalmente realizadas con anterioridade á resolución da presente convocatoria.

**Décimo terceira.- Xustificación e pago da subvención:**

1. A subvención xustificarase mediante a presentación dunha conta xustificativa, integrada polos seguintes documentos:

A) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

B) Relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e a data de emisión.

C) Relación detallada dos ingresos obtidos para a actividade.

De ser o caso, nas relacións sinaladas nos apartados 2) e 3) indicaranse as desviacións acaecidas verbo do orzamento presentado coa solicitude, tanto no relativo aos ingresos como aos gastos.

D) Factura xustificativa dos gastos (ordinaria ou simplificada, de proceder esta última) en orixinal ou duplicado, ou copia cotexada do documento orixinal ou duplicado. O cotexo será realizado exclusivamente por funcionarios da Deputación de Ourense.

Non obstante, a presentación de facturas poderá substituírse pola dos documentos que se indican nos seguintes casos:

- Nos supostos en que non exista obriga legal de emitir factura, o gasto xustificarase mediante recibín asinado pola persoa que efectúa o pago e a persoa que realiza o cobro, que deberá figurar identificada co seu nome e apelidos e NIF (no caso de persoas físicas) ou a súa razón social e NIF (no caso de persoas xurídicas).

En todo caso, os documentos xustificativos presentados, tales como facturas, recibos e demais documentos análogos, deberán reunir os requisitos que estableza a normativa fiscal vixente, en particular no que se refire á normativa do imposto sobre o valor engadido e do imposto sobre a renda das persoas físicas.

E) Certificación do número de conta expedida pola entidade financeira correspondente.

F) Acreditación das medidas de difusión adoptadas (mediante presentación de copia dos impresos nos que figuren as ditas medidas de difusión) ou da súa inclusión na páxina web da entidade (indicando o enderezo da dita páxina web, para a súa comprobación polos servizos provinciais).

2. Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa.

Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

3. A conta xustificativa presentarase conformada polo presidente da entidade.

4. De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a execución do proxecto ou programa de actividades, a conta xustificativa presentada deberá acreditar a súa realización completa, independentemente de que o importe da subvención concedida sexa inferior ao orzamento total do proxecto ou programa. No suposto en que só se xustifique a súa execución parcial, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos supostos en que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención, nos que procederá a perda total do dereito á subvención.

5. De advertirse deficiencias de carácter emendable na conta xustificativa, a Presidencia concederá un prazo de dez días hábiles para a súa emenda. Ao abeiro do disposto no artigo 59.6.b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, o requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación na páxina web http://www.depourense.es, cidadanía, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, acceso a concursos, concurso para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a organización de actividades culturais e recreativas ano 2015.

No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª apartado 3a) punto 9, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándoselle unicamente e en todo caso, por edicto no taboleiro de anuncios e na antedita páxina web.

6. Se a conta xustificativa fose presentada correctamente, mediante resolución da Presidencia declararase xustificada a subvención, o que se lles notificará aos interesados con indicación dos recursos que procedan e do prazo máximo de pago, que será de trinta días naturais contados desde a data da resolución. No suposto no que se advirta, no trámite de

xustificación da subvención, a falta total ou parcial da xustificación esixible, procederase á incoación do expediente de perda do dereito á subvención que corresponda. No suposto de procedementos de perda do dereito á subvención de carácter parcial, estes tramitaranse de xeito acumulado co procedemento de xustificación, resolvéndose nun único acto administrativo todas as cuestións que suscite o expediente.

7. A competencia para declarar xustificada ou non unha subvención, así como para o exercicio das accións de reintegro ou declaración de perda do dereito á subvención e para o exercicio da potestade sancionadora, corresponderalle á Presidencia, ou ao deputado no que delegue.

8. Sen prexuízo do anterior (e adicionalmente ao control financeiro simplificado previsto no apartado 2, parágrafo 2º da presente base) a Intervención da Deputación Provincial poderán esixir aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións.

9. A xustificación deberá realizarse ante a Deputación, con data límite,o 31 de outubro de 2015. O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes do 31 de outubro. En ningún caso se poderán conceder prórrogas por un período superior a un mes e medio.

10. Como regra xeral, as subvencións seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais desde que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a pedimento dos interesados, suxeitos á constitución de garantía por importe do 100% do anticipo solicitado. Para estes efectos, admitiranse as seguintes garantías:

a) Aval de entidade de crédito

b) Seguro de caución

c) Fianza en metálico

d) No suposto de subvencións por importe de ata 6.000 euros, admitirase fianza solidaria prestada por dúas ou máis persoas físicas e xurídicas, sempre que estas acrediten suficientemente a súa solvencia económica.

Non obstante o anterior, estarán exentas da prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que, no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 2% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante.

**Décimo cuarta.- Obrigas dos beneficiarios:**

Con carácter xeral, os beneficiarios asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na dita lei, así como ás obrigas de publicidade.

**Décimo quinta.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas:**

As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas, concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou do seu organismo autónomo, o INORDE, para os mesmos gastos ou por entidades ou empresas privadas, sempre que o conxunto das ditas axudas non exceda do 100% do gasto da actividade subvencionada.

En consecuencia, estas subvencións son incompatibles con calquera outra concedida pola Deputación Provincial de Ourense ou polo INORDE para a mesma finalidade, con independencia da súa contía e procedemento de concesión.

**Décimo sexta.- Reintegro ou perda do dereito ao cobro das subvencións:**

En caso de incumprimento do beneficiario por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, procederase á tramitación dun expediente de reintegro, ou, se é o caso, de perda do dereito á subvención concedida. A obriga de reintegro ou a perda do dereito poderá ser total ou parcial, en función da gravidade do incumprimento do beneficiario, graduándose de acordo co principio de proporcionalidade. En todo caso, o reintegro incluirá sempre e como mínimo os importes cuxo gasto non se xustificase en prazo.

Unha vez tramitado o expediente de reintegro ou perda do dereito á subvención, concederáselle ao interesado un prazo de quince días hábiles para que poida comparecer no expediente, tomar audiencia e, á vista deste, propor as  probas e realizar as alegacións que

teña por conveniente. Concluídas estas actuacións e emitidos os informes oportunos, ditarase a resolución que corresponda pola Presidencia.

**Décimo sétima.- Normativa supletoria:**

En todo o non disposto nestas bases seralle de aplicación á presente convocatoria e ás subvencións que se concedan ao seu abeiro o disposto na normativa de subvencións aplicable á administración local, así como na lexislación vixente en materia de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

**2º.- Aprobar a convocatoria das subvencións reguladas nas devanditas bases, ordenando a inserción do correspondente anuncio no BOP, e acordar a aprobación do gasto correspondente.**

**ANEXO I**

**SOLICITUDE SUBVENCIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS E RECREATIVAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO ANO 2015**

| | | |
|---|---|---|
| D/D.ª | | DNI/NIE |
| REPRESENTANTE LEGAL DE | | CIF |
| ENDEREZO | PROVINCIA | CÓDIGO POSTAL |
| TELÉFONO FIXO | TELÉFONO MOBIL | |
| ENDEREZO ELECTRÓNICO | | |

**E X P Ó N:**

Que a entidade que represento cumpre os requisitos esixidos na convocatoria de subvencións do ano 2015 para a organización de actividades culturais e recreativas por entidades sen ánimo de lucro da provincia de Ourense.

Que asume todos os compromisos reflectidos na devandita convocatoria e acompaña a documentación esixida nesta.

**SOLICITA SUBVENCIÓN PARA O SEGUINTE PROXECTO:**

| | |
|---|---|
| DENOMINACIÓN DO PROXECTO | |
| ORZAMENTO DO PROXECTO | € |
| CONTÍA SOLICITADA | € |

Ourense, _____ de _________________ de 2015

(Selo da entidade) (Sinatura)

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.**

## ANEXO II
## DECLARACIÓN

| D/D.ª | DNI/NIE |
|---|---|
| En representación da entidade: | |

**DECLARO:**

- Non atoparme incurso/a en ningún dos supostos de incompatibilidade aos que se refire o artigo 13.2 d) da Lei xeral de subvencións.

- Que a entidade á que represento non se atopa incursa en ningunha das prohibicións de obtención de subvencións da Deputación Provincial de Ourense ás que se refire o artigo 13 da Lei xeral de subvencións.

- Que a entidade á que represento está ao día nas súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal e Autonómica e coa Seguridade Social.

E para que conste, para os efectos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, asino esta declaración en Ourense, o _______de_______________do 2015.

Asdo.:____________________________
(O representante da entidade)

## ANEXO III
## DECLARACIÓN

| D/D.ª | DNI/NIE |
|---|---|
| En representación da entidade: | |

**DECLARA:**

| | |
|---|---|
| ❑ | Non ter solicitada nin, en consecuencia, ter concedida ningunha axuda para o mesmo fin, sexa pública ou privada. |
| ❑ | Que presentou a/as solicitude/s e que lle foi/foron concedida/s, se é o caso, a/s seguinte/s axuda/s para o mesmo fin: |

| Organismo ou entidade ao que solicita | Data solicitude | Concesión (1) | Contía |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |

(2) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicarase pendente na columna. No caso de solicitudes denegadas, farase constar denegada.

Ourense,_______, de_________________ de 2015

Asdo.:____________________________

(O representante da entidade)

## ANEXO IV
## AUTORIZACIÓN

| D/D.ª | DNI/NIE |
|---|---|
| En representación da entidade: | |

**AUTORIZO:**

Á Deputación Provincial de Ourense a facerme as comunicacións para recibir, a través do correo electrónico e/ou sms, indicados na solicitude, a comunicación do aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, do anuncio do trámite de audiencia, da publicación do acordo de resolución do concurso, e de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias na documentación presentada para a xustificación da subvención outorgada no concurso para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a organización de actividades culturais e recreativas no ano 2015.

Ourense________de________________de 2015

Asdo.:____________________________

(O representante da entidade)

## ANEXO V

D/Dª.____________________________________________________ con DNI____________________, en nome e representación da entidade______________________________________________, en relación coa documentación administrativa da solicitude de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a organización de actividades culturais e recreativas no ano 2015, fago constar:

1º) Que os seguintes documentos xa obran en poder desa Deputación, ao ter sido presentados en procedementos anteriores (sinale cun X os documentos de que se trate, dos que figuran a continuación):

- ☐ Copia cotexada do CIF da entidade.
- ☐ Copia cotexada do DNI do representante da entidade.
- ☐ Estatutos sociais da entidade.
- ☐ Poder co que actúe o representante da entidade, agás que a dita función lle corresponda conforme aos estatutos sociais, en razón do seu cargo no organismo ou entidade, en cuxo caso a validez da representación se acreditará mediante documento probado do seu nomeamento ou elección.

2º) Que o contido dos ditos documentos conserva a súa plena validez, ao non seren modificados con posterioridade á data da súa emisión nin se modificaren as circunstancias de feito ou de dereito que neles se reflicten.

3º) Que, polo exposto, se acolle ao dereito recoñecido no artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a non presentar os ditos documentos nesta convocatoria.

Ourense,_____ de_________________ de 2015

(selo do organismo ou entidade) (sinatura solicitante)

## ANEXO VI

D./Dª.___________________________________________con DNI_________________, en representación de___________________________________________, con CIF_____________________, achégolle a documentación solicitada para unir ao expediente de solicitude de subvención para a organización de actividades culturais e recreativas a entidades sen ánimo de lucro 2015.

Ourense, _____ de _____________de 2015

Asdo.: _______________________________________
(Nome e apelidos)

**7.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS 2015**.- Unha vez vistas as bases da convocatoria de concurso público para a concesión de subvencións a entidades deportivas e entidades sen ánimo de lucro para a organización de eventos deportivos para o ano 2015, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, adopta o seguinte **acordo**:

**1º.- Aprobar as referidas bases, consonte coas seguintes cláusulas:**

**Primeira.- Obxecto**

1. O obxecto desta convocatoria é a regulación do procedemento para a concesión, pola Deputación Provincial de Ourense, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades deportivas, entidades sen ánimo de lucro para a organización de eventos deportivos para realizar durante o exercicio de 2015, coa finalidade de contribuír ao mantemento dunha actividade deportiva ampla, orientada ao público en xeral e baseada principalmente nos conceptos de deporte – saúde e deporte para todos.

2. Para os efectos desta convocatoria, considéranse eventos deportivos os que reúnan os seguintes requisitos:

Actividades físico-deportivas de carácter específico e puntual, que impliquen a práctica de disciplinas deportivas recoñecidas polas federacións deportivas, ou actividades físicas semellantes, ben sexa con carácter competitivo ou con carácter non competitivo, tales como xornadas deportivas, campionatos e torneos, carreiras, andainas e rutas de sendeirismo, marchas ou rutas cicloturistas, rutas en piragua, rutas e carreiras a cabalo, etcétera.

3. Quedan excluídas expresamente desta convocatoria, as seguintes actividades:

a) Aquelas competicións, ligas, actividades ou programacións que puideran ter encaixe dentro de calquera outro programa de subvencións da Deputación Provincial de Ourense. (Copas Deputación, Bolsas para deportistas ou subvencións para os gastos de mantementos de clubs, etcétera)

b) Aquelas actividades que polo seu carácter predominantemente gastronómico, turístico ou cultural, non poden clasificarse como actividades físico-deportivas, conforme coa definición recollida no apartado 2 destas bases.

c) Aquelas actividades que polas súas especiais características comporten a realización de actividades físicas que, pola súa intensidade, extensión temporal, sometemento a risco grave de accidente ou calquera outra característica, excedan dunha práctica deportiva normal e saudable. Aglutínanse dentro desta categoría eventos que comportan deportes catalogados como "extremos", exhibicións de forzudos tipo "strongmen", probas de atletismo de forza ou probas de resistencia de longa duración como carreiras de tipo ultratrail, triatlóns de categoría "ironman", ou probas cicloturistas de distancia excesiva.

d) Aquelas actividades que excedan da duración propia dun evento deportivo puntual, tales como campus deportivos, campamentos de verán, ligas, ou outros que poidan ter a consideración de programas deportivos.

e) Actividades de carácter formativo ou divulgativo.

**Segunda.- Beneficiarios**

Poderán ser beneficiarios deste programa:

- Entidades deportivas e outras entidades sen ánimo de lucro con enderezo social na provincia de Ourense, que contemplen nos seus estatutos, como obxecto social, entre outros, a promoción e difusión do deporte na nosa provincia.

  No caso de eventos propostos por estruturas federativas, a solicitude poderá proceder da federación galega da modalidade respectiva.

**Terceira.- Dispoñibilidades orzamentarias**

O financiamento das subvencións reguladas nesta convocatoria realizarase con cargo á aplicación 34111/48206 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2015.

As subvencións obxecto desta convocatoria intégranse na liña de acción do fomento do deporte contemplada no apartado C.3 do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense e do INORDE para o exercicio 2014.

A contía máxima dispoñible para a concesión destas subvencións é de 70.000,00 euros.

**Cuarta.- Contía máxima das subvencións**

A contía das subvencións obxecto desta convocatoria consistirá nunha porcentaxe do orzamento da actividade, podendo acadar, como máximo, o 50% do custo estimado da actividade, non podendo superar, en ningún caso, a contía máxima de dez mil euros para cada beneficiario (10.000,00 €).

En consecuencia, ningún beneficiario poderá obter, ao abeiro desta convocatoria, subvencións por importe superior a 10.000,00 € para o conxunto dos distintos proxectos que presente. Para a aplicación desta regra, nos supostos en que unha entidade presentase diferentes proxectos cuxa valoración conforme co establecido na base 9ª determinase a obtención dunha contía superior ao límite máximo de 10.000,00 €, a Deputación concederá as subvencións na contía que proceda de conformidade coa dita valoración, seguindo estritamente a orde de puntuación dos distintos proxectos e ata acadar o límite dos 10.000,00 €, quedando denegada a subvención para os proxectos aos que correspondería a contía excedentaria do dito límite. No suposto en que a valoración asignada a un proxecto exceda só parcialmente ese límite, a contía da subvención axustarase ata ese límite máximo.

**Quinta.- Solicitudes: lugar de presentación, prazos e documentación:**

1. As solicitudes, subscritas polo representante legal da entidade interesada, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial de Ourense, mediante a presentación no Rexistro Xeral desta entidade ou a través de calquera outro medio dos previstos no artigo 38.4 da Lei do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo improrrogable de presentación será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

3. As solicitudes deberán formularse achegando a seguinte documentación:

a) Documentación administrativa para presentar:

1.- Solicitude dirixida á Presidencia da Deputación no modelo oficial, recollido no anexo I destas bases.

2.- Copia cotexada do CIF da entidade.

3.- Copia cotexada do DNI do representante da entidade.

4.- Certificado de inscrición no rexistro oficial correspondente ao tipo de entidade de que se trate.

5.- Estatutos sociais da entidade.

6.- Poder co que actúe o representante da entidade, agás que a dita función lle corresponda conforme cos estatutos sociais, en razón do seu cargo na entidade, en cuxo caso a validez da representación se probará mediante documento acreditativo do seu nomeamento ou elección.

7.- Declaración responsable comprensiva do feito de non atoparse incurso o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de acharse a entidade ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social. Para a formulación desta declaración poderá utilizarse o modelo recollido no anexo II destas bases.

8.- Declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas para os mesmos fins, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, sexan públicas ou privadas, segundo o modelo anexo III.

9.- Autorización para recibir a través de correo electrónico e/ou sms a comunicación de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, da publicación do anuncio de inicio do trámite de audiencia da proposta provisional de resolución, da publicación do acordo de resolución do concurso, e do aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias na documentación presentada para a xustificación da subvención concedida, segundo o modelo anexo IV.

A presentación do documento sinalado no apartado 9 non é obrigatoria, senón voluntaria, pero, en caso de non presentarse, a Deputación non lle efectuará ningunha comunicación individual ao interesado relativa á emenda de deficiencias na solicitude, ao trámite de audiencia, ao acordo de resolución do concurso, e á emenda de deficiencias na xustificación, publicitándose a información correspondente exclusivamente a través da páxina web e ademais no BOP no caso da resolución do procedemento, conforme co sinalado nas bases 7ª e 11ª, respectivamente.

As entidades sen ánimo de lucro estarán eximidas de presentar os documentos sinalados nos apartados 2, 3, 4, 5 e 6 cando estes documentos xa obrasen en poder da Deputación, agás no caso en que se producisen modificacións no contido dos ditos documentos ou nas circunstancias de feito ou de dereito que se reflicten neles, suposto no que se deberá presentar o novo documento que substitúa ao anterior. Para estes efectos, os

solicitantes deberán facer constar na súa solicitude que se acollen expresamente a este dereito, mediante o modelo oficial que figura no anexo V. Este modelo deberá ser cuberto correctamente para producir efectos. En caso de que non se presente ou se presente incompleto, non se terá en conta para os efectos da tramitación do expediente.

b) Documentación para a valoración das solicitudes:

1.- Proxecto explicativo da actividade que se pretende, comprensiva, cando menos, da seguinte información, conforme ao modelo recollido no anexo VI.

a) Denominación do evento con indicación de modalidade deportiva, lugar e datas de celebración.

b) Descrición e obxectivos que se pretenden coa organización da actividade.

c) Categoría , antigüidade e duración.

d) Volume de participación e incidencia da participación de mulleres, discapacitados e base deportiva.

2.- Orzamento de gastos e ingresos da actividade desagregado por conceptos. (Anexo VII).

Dada a natureza competitiva do procedemento de concesión de subvencións, a documentación valorable non será obxecto do trámite de emenda de deficiencias, que só será de aplicación á documentación administrativa.

2.- Se é o caso, memoria do desenvolvemento en exercicios anteriores da mesma actividade para a que se solicita subvención, achegando recortes de prensa, fotos, información na web, datos sobre o desenvolvemento da actividade, participantes e calquera información que sirva para constatar a evolución e incidencia social do proxecto ou actividade.

Advírtese expresamente que non serán obxecto de valoración, denegándoselles a concesión da subvención a aquelas solicitudes nas que non se achegue, cando menos, o proxecto descritivo da actividade co contido definido nos apartado a), b), c) e d) e o orzamento do punto 2. Procederase de igual xeito nos supostos en que os documentos presentados se atopen incompletos, padezan de defectos esenciais que impidan ou dificulten gravemente a súa valoración ou conteñan datos ou previsións de difícil ou imposible realización.

3. Cada peticionario de axuda deberá presentar unha solicitude no modelo anexo I para cada proxecto diferenciado de eventos deportivos para o que se solicite subvención, acompañada do correspondente proxecto descritivo conforme co establecido no apartado anterior. No que se refire á documentación administrativa distinta da solicitude no modelo anexo I, terá carácter común para todos eles, bastando con que se presente nunha das solicitudes.

**Sexta .- Gastos subvencionables**

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que, atopándose incluídos nos conceptos recollidos no artigo 31 da Lei xeral de subvencións, forman parte do desenvolvemento dun evento deportivo como gastos inherentes e necesarios para a súa realización, tales como dereitos de arbitraxes, desprazamentos, material deportivo, alugamento de instalacións, trofeos, medallas, gastos de manutención de deportistas ou persoal da organización, publicidade e difusión, servizos de seguridade e orde, atención sanitaria, seguros, e calquera outro que sexa preciso para levar a cabo a actividade.

Expresamente, non terán tal consideración os gastos para almorzos que non correspondan á manutención de deportistas ou persoal de organización, honorarios profesionais, ou todos aqueles que, pola súa natureza, resulten desproporcionados cos obxectivos que se pretenden con este tipo de subvencións.

**Sétima .- Procedemento de concesión**

1. O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva.

2. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas remitiránselle ao Negociado de Concursos da Sección de Subvencións, para a instrución do expediente e comprobación da corrección da documentación administrativa achegada. Dado o carácter competitivo do procedemento, advírtese expresamente que en ningún caso se concederá prazo para a mellora da documentación valorable.

Unha vez examinada a documentación, a Presidencia concederá un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada.

Para a achegar esta documentación, poderá utilizarse como oficio de remisión o modelo recollido no anexo VIII destas bases.

Ao abeiro do disposto no artigo 59.6.b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, o requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación na páxina web http://www.depourense.es, cidadanía, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, acceso a concursos, *concurso para a concesión de subvencións para a organización de eventos deportivos 2015.* No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándose unicamente e en todo caso, na antedita páxina web.

3. Concluído o trámite de emenda de deficiencias e instruído o expediente pola Sección de Subvencións, esta emitirá informe co contido previsto no artigo 7.4 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense e remitiralle o actuado á Comisión de Valoración, que procederá a formular a proposta provisional de resolución conforme coas regras seguintes:

a) Con respecto ás entidades que non achegasen de modo completo e no prazo establecido a documentación administrativa, formularase proposta de non admisión a trámite das súas solicitudes.

b) Con respecto ao resto de entidades, proporase a súa admisión a trámite, procedendo a formular proposta de valoración das solicitudes conforme cos criterios recollidos na base novena.

4. A proposta provisional de resolución será sometida a trámite de audiencia aos interesados por prazo de dez días hábiles mediante a páxina web http://www.depourense.es, cidadanía, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, acceso a concursos, *concurso para a concesión de subvencións para a organización de eventos deportivos 2015.* No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándose unicamente e en todo caso, na antedita páxina web.

Durante o dito prazo, os interesados poderán formular as alegacións que estimen oportunas fronte á proposta provisional. As ditas alegacións serán resoltas expresamente pola Comisión de Valoración a través da proposta definitiva. No caso de non formularse

alegacións, a proposta provisional considerarase definitiva, continuándose coa tramitación conforme co disposto na base 10ª.

**Oitava.- Comisión de valoración**

A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: o presidente da Deputación Provincial ou deputado en quen delegue.
- Vogais:
- A interventora da Deputación ou funcionario/a que legalmente a substitúa.
- O vicesecretario xeral da Deputación ou funcionario/a que legalmente o substitúa.
- O xefe do Servizo de Deportes, ou funcionario/a que legalmente o substitúa.
- Un técnico deportivo de recoñecida e contrastada competencia

Actuará como secretaria da comisión a xefa da Sección de Subvencións, coas funcións propias dunha secretaria de actas.

Sé é o caso, a Presidencia poderá nomear técnicos e expertos de recoñecida competencia en materia deportiva, que actuarán como asesores da comisión**.**

Os membros da comisión estarán suxeitos ás cláusulas de abstención e recusación previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

**Novena.- Criterios de valoración para a concesión de subvencións**

Para a concesión das subvencións, así como para a fixación da súa contía, a comisión de valoración terá en conta os seguintes criterios:

1) ***Orzamento da actividade.*** Valorarase tanto o importe do orzamento da actividade como o esforzo económico que se reflicte no orzamento presentado, entendéndose como tal a maior porcentaxe de autofinanciamento ou financiamento con recursos privados***. (Ata 40 puntos).***
    - Maior orzamento: 25 puntos, resto proporcionalmente.
    - Maior esforzo económico: 15 puntos, resto proporcionalmente.
2) ***Categoría competitiva do evento.*** Dando maior puntuación canto máis importante sexa a actividade ***(Ata 30 puntos).***
    a. Internacional/Europeo: 30 e 20 puntos respectivamente.
    b. Ibérico/Nacional: 15 e 10 puntos respectivamente.

c. Autonómico: 5 puntos.

d. Provincial/Local : 2 e 1 puntos respectivamente.

3) ***Antigüidade:*** Dándolles maior puntuación ás actividades solicitadas con máis forte tradición no panorama deportivo ourensán ***(Ata 30 puntos).***

4) ***Duración*** **:** Dando maior puntuación cantas máis xornadas teña a actividade ***(Ata 10 puntos).***

- Máis dunha semana: 10 puntos
- Sete xornadas : 7 puntos
- Seis xornadas : 6 puntos
- Cinco xornadas : 5 puntos
- Catro xornadas: 4 puntos
- Tres xornadas: 3 puntos
- Dúas xornadas: 2 puntos
- Unha xornada: 1 punto

5) ***Volume de participación:*** Neste apartado valorarase o número de participantes nas actividades, primando o maior volume de participación, ponderado en función do tipo de actividade de que se trate, segundo sexa deporte federado, deporte espectáculo ou actividades deportivas de carácter popular **(*Ata 10 puntos).***

Con respecto a este criterio, advírtese que a Comisión de Valoración non estará vinculada pola previsión de participación indicada polos solicitantes, podendo realizar as actuacións de verificación que considere oportunas, entre elas a comparación co volume de participación en edicións anteriores, de ser o caso.

<u>Deporte federado (Participantes deportistas):</u>

- Máis de 75: 10 puntos
- De 51 a 75: 7 puntos
- De 26 a 50: 5 puntos
- Ata 25: 3 puntos

<u>Deporte espectáculo (Público potencial):</u>

- Máis de 1000: 10 puntos
- De 701 a 1000: 8 puntos
- De 501 a 700: 6 puntos
- De 301 a 500 : 4 puntos
- De 101 a 300 : 3 puntos
- Ata 100: 2 puntos

Deporte popular: (Participantes deportistas):

- Máis de 500: 10 puntos
- De 301 a 500: 8 puntos
- De 201 a 300: 6 puntos
- De 101 a 200: 4 puntos
- De 51 a 100: 3 puntos
- Ata 50: 2 puntos

6) ***Muller, discapacitados e deporte base:*** A maior participación destes colectivos na actividade ***(Ata 10 puntos).***

Muller:

- Ata o 50 % do total de participantes: 0,33 puntos
- Do 51 ao 75 % : 1 punto
- Do 76 ao 100 % : 2 puntos (3.33)

Discapacitados :

- Ata o 50% : 0,33 puntos
- Máis do 51 ao 75 % : 1 punto
- Do 76 ao 100 % : 2 puntos (3.33)

Base :

- Ata o 50 % do total de participantes: 0,33 puntos
- Do 51 ao 75 % : 1 puntos
- Do 76 ao 100 % : 2 puntos (3.33)

A Comisión de Valoración, en atención ao número de proxectos solicitados, poderá establecer a necesidade de obter unha puntuación mínima para a concesión de subvencións. Se é o caso, os proxectos que obteñan unha puntuación inferior á mínima establecida pola comisión incluiranse na lista de reserva prevista na base 10ª.

Con independencia da súa valoración, en ningún caso se lle concederá a un proxecto unha subvención superior á da contía pedida na solicitude.

En todo caso, a valoración terá carácter individualizado para cada proxecto que se presente, aplicándose as regras establecidas na base 4ª para a asignación da contía das subvencións.

**Décima.- Resolución**

A proposta da Comisión de Valoración elevaráselle á Xunta de Goberno da Deputación, para a súa resolución. O prazo máximo de resolución será de catro meses desde o remate do prazo de corrección de deficiencias documentais, de ser o caso, ou desde o

remate do prazo de presentación de instancias. A falla de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución axustarase á proposta da Comisión de Valoración, agás naqueles supostos en que a Xunta de Goberno considere que a dita proposta incorre en infracción do disposto nestas bases ou na lexislación aplicable, en cuxo caso solicitaralle á comisión, tras os informes previos que considere oportunos, a formulación dunha nova proposta axustada ás bases e á normativa de aplicación. A comisión deberá formular esta nova proposta no prazo de quince días. En caso de non facelo así, a Xunta de Goberno resolverá conforme á proposta inicial, introducindo as modificacións precisas para garantir o cumprimento do establecido nas bases e na lexislación vixente.

Os beneficiarios poderán rexeitar a subvención concedida no prazo de quince días desde a publicación do acordo de concesión no Boletín Oficial da Provincia. En caso de que non comuniquen de xeito expreso o seu rexeitamento, entenderase que aceptan a subvención na contía concedida. O incumprimento da obriga de comunicar a renuncia á subvención, se é o caso, poderá ser considerado infracción administrativa, conforme co disposto no artigo 56 da Lei xeral de subvencións, dando lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador.

No suposto de que existisen solicitantes que, cumprindo cos requisitos establecidos nestas bases, non puidesen obter subvención debido ao esgotamento do crédito dispoñible coa concesión das subvencións ás solicitudes que obtivesen maior puntuación, a resolución conterá unha relación ordenada destas solicitudes, para os efectos previstos no artigo 63.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. Na súa virtude, e en caso de producirse remanentes pola renuncia ou perda do dereito ás subvencións por parte dalgún beneficiario, a Xunta de Goberno, sen necesidade de proceder a unha nova convocatoria, poderá acordar a concesión da subvención que proceda ao seguinte ou seguintes solicitantes, por orde de puntuación.

**Undécima.- Publicación do acordo de concesión**

Ao abeiro do disposto no artigo 59.6.b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, a resolución do procedemento non será obxecto de notificación individualizada aos afectados, senón que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web http://www.depourense.es,

cidadanía, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, acceso a concursos, *concurso para a concesión de subvencións para a organización de eventos deportivos 2015.* Sen prexuízo do anterior, aos solicitantes que presenten a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, apartado 3 a), punto 9, realizaráselles unha comunicación persoal por sms ou correo electrónico, advertíndolles da publicación da resolución na páxina web http://www.depourense.es. No caso de que non presenten a dita autorización, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal.

**Décimo segunda.- Publicidade da subvención por parte do beneficiario**

O beneficiario da subvención deberá adoptar medidas de difusión da subvención concedida, para darlle unha axeitada publicidade ao carácter público do financiamento da súa actividade, debendo realizar como mínimo as seguintes medidas de difusión:

- Inclusión da imaxe institucional da Deputación Provincial de Ourense ou dunha lenda alusiva ao feito de que a actividade está subvencionada pola Deputación, nos carteis e materiais impresos da súa actividade e, de ser o caso, na páxina web da entidade.

En caso de incumprimento desta obriga, a Deputación poderá ordenar a adopción das medidas alternativas previstas no artigo 31 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. No caso de que se incumpran tamén estas medidas, o incumprimento da obriga poderá ser causa de perda do dereito á subvención ou de reintegro ata un importe do 20% da subvención concedida, importe que se determinará en función da gravidade do incumprimento.

Non obstante, non se esixirá o cumprimento desta obriga no suposto de actividades totalmente realizadas con anterioridade á resolución desta convocatoria.

**Décimo terceira.- Xustificación e pago da subvención**

1. A subvención xustificarase mediante a presentación dunha conta xustificativa, integrada polos seguintes documentos:

A) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

B) Relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e a data de emisión.

C) Relación detallada dos ingresos obtidos para a actividade.

De ser o caso, nas relacións sinaladas nos apartados B) e C) indicaranse as desviacións acaecidas verbo do orzamento presentado coa solicitude, tanto no relativo aos ingresos como aos gastos.

D) Factura xustificativa dos gastos (ordinaria ou simplificada, de proceder esta última) en orixinal ou duplicado, ou copia cotexada do documento orixinal ou duplicado. O cotexo será realizado exclusivamente por funcionarios da Deputación de Ourense.

Nos supostos de premios en metálico, estes deberanse xustificar mediante cheque nominativo  ou transferencia bancaria, podendo solicitarse no caso do talón, a acreditación bancaria do seu cargo.

Non obstante, a presentación de facturas poderá substituírse pola dos documentos que se indican nos seguintes casos:

- Nos supostos en que non exista obriga legal de emitir factura, o gasto xustificarase mediante recibín asinado pola persoa que efectúa o pago e a persoa que realiza o cobro, que deberá figurar identificada co seu nome e apelidos e NIF (no caso de persoas físicas) ou a súa razón social e NIF (no caso de persoas xurídicas).

En todo caso, os documentos xustificativos presentados, tales como facturas, recibos e demais documentos análogos, deberán reunir os requisitos que estableza a normativa fiscal vixente, en particular no que se refire á normativa do imposto sobre o valor engadido e do imposto sobre a renda das persoas físicas.

E) Certificación do número de conta expedida pola entidade financeira correspondente.

F) Acreditación das medidas de difusión adoptadas (mediante presentación de copia dos impresos nos que figuren as ditas medidas de difusión) ou da súa inclusión na páxina web da entidade (indicando o enderezo da dita páxina web, para a súa comprobación polos servizos provinciais).

2. Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa.

Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes

en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

3. A conta xustificativa presentarase conformada polo presidente da entidade.

4. De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a execución do proxecto ou programa de actividades, a conta xustificativa presentada deberá acreditar a súa realización completa, independentemente de que o importe da subvención concedida sexa inferior ao orzamento total do proxecto ou programa. No suposto en que só se xustifique a súa execución parcial, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos supostos en que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención, nos que procederá a perda total do dereito á subvención.

5. De advertirse deficiencias de carácter emendable na conta xustificativa, a Presidencia concederá un prazo de dez días hábiles para a súa emenda. Ao abeiro do disposto no artigo 59.6.b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, o requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación na páxina web http://www.depourense.es, cidadanía, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, acceso a concursos, concurso para a concesión de subvencións para eventos deportivos 2015.

No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándose unicamente e en todo caso, na antedita páxina web.

6. Se a conta xustificativa fose presentada correctamente, mediante resolución da Presidencia declararase xustificada a subvención, o que se lles notificará aos interesados con indicación dos recursos que procedan e do prazo máximo de pago, que será de trinta días naturais contados desde a data da resolución. No suposto no que se advirta, no trámite de xustificación da subvención, a falta total ou parcial da xustificación esixible, procederase á incoación do expediente de perda do dereito á subvención que corresponda. No suposto de procedementos de perda do dereito á subvención de carácter parcial, estes tramitaranse de

xeito acumulado co procedemento de xustificación, resolvéndose nun único acto administrativo todas as cuestións que suscite o expediente.

7. A competencia para declarar xustificada ou non unha subvención, así como para o exercicio das accións de reintegro ou declaración de perda do dereito á subvención e para o exercicio da potestade sancionadora, corresponderalle á Presidencia, ou ao deputado no que delegue.

8. Sen prexuízo do anterior (e adicionalmente ao control financeiro simplificado previsto no apartado 2, parágrafo 2º desta base) a Intervención da Deputación Provincial poderá esixir aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións.

9. A xustificación deberá realizarse ante a Deputación como data límite o 31 de outubro de 2015. O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes do 31de outubro. En ningún caso se poderán conceder prórrogas por un período superior a un mes e medio.

10. Como regra xeral, as subvencións seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais desde que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a pedimento dos interesados, suxeitos á constitución de garantía por importe do 100% do anticipo solicitado. Para estes efectos, admitiranse as seguintes garantías:

a) Aval de entidade de crédito

b) Seguro de caución

c) Fianza en metálico

d) No suposto de subvencións por importe de ata 6.000,00 euros, admitirase fianza solidaria prestada por dúas ou máis persoas físicas e xurídicas, sempre que estas acrediten suficientemente a súa solvencia económica.

Non obstante o anterior, estarán exentas da prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que, no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas

líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 2% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante.

**Décimo cuarta.- Obrigas dos beneficiarios**

Con carácter xeral, os beneficiarios asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na dita lei, así como ás obrigas de publicidade.

**Décimo quinta.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas ou privadas**

As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas ou privadas, concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou dos seus organismos autónomos para os mesmos gastos ou por entidades ou empresas privadas, sempre que o conxunto de ditas axudas non exceda do 100% do gasto da actividade subvencionada.

En consecuencia, estas subvencións son incompatibles con calquera outra concedida pola Deputación Provincial de Ourense ou polo INORDE para a mesma finalidade, con independencia da súa contía e procedemento de concesión.

**Décimo sexta.- Reintegro ou perda do dereito á subvención**

En caso de incumprimento da entidade por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, procederase á tramitación dun expediente de reintegro ou, se é o caso, de perda do dereito á subvención concedida. A obriga de reintegro ou a perda do dereito poderá ser total ou parcial, en función da gravidade do incumprimento do beneficiario, graduándose de acordo co principio de proporcionalidade. En todo caso, o reintegro incluirá sempre e como mínimo os importes cuxo gasto non se xustificase en prazo.

Nos supostos nos que da conta xustificativa se deduza que a actividade obtivo subvencións por importe superior ao 100% do seu custo, a Deputación Provincial reducirá proporcionalmente a axuda concedida na contía necesaria.

Unha vez tramitado o expediente de reintegro ou perda do dereito á subvención, concederáselle ao interesado un prazo de quince días hábiles para que poida comparecer no expediente, tomar audiencia e, á vista deste, propor as probas e realizar as alegacións que

teña por conveniente. Concluídas estas actuacións e emitidos os informes oportunos, ditarase a resolución que corresponda pola Xunta de Goberno.

**Décimo sétima.- Normativa supletoria**

En todo o non disposto nestas bases seralle de aplicación a esta convocatoria e ás subvencións que se concedan ao seu abeiro o disposto na normativa de subvencións aplicable á administración local, así como na lexislación vixente en materia de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

**2º.- Aprobar a convocatoria das subvencións reguladas nas devanditas bases, ordenando a inserción do correspondente anuncio no BOP, e acordar a aprobación do gasto correspondente.**

**ANEXO I**

**SOLICITUDE DE SUBVENCIÓNS PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS PARA O ANO 2015**

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

| NOME DO SOLICITANTE | CIF |
|---|---|
| | |
| ENDEREZO | LOCALIDADE |
| | |
| CÓD. POSTAL | PROVINCIA |
| | |
| TELÉFONO | ENDEREZO ELECTRÓNICO |
| | |
| INSCRITO NO REXISTRO | Nº REXISTRO |
| | |

**DATOS DO REPRESENTANTE DA ENTIDADE**

| NOME E APELIDOS | DNI/ NIE |
|---|---|
| | |
| TELEF. MÓBIL | TELÉF. FIXO |
| | |
| ENDEREZO | LOCALIDADE |
| | |
| CÓD. POSTAL | PROVINCIA |
| | |

**ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN** * Marcar cun (x)

☐ Enderezo da entidade.

☐ Enderezo do representante da entidade.

**EXPÓN**

Que a entidade que represento cumpre os requisitos esixidos na convocatoria de concurso público para a concesión de subvencións para a organización de eventos deportivos para o ano 2015.

Que asume todos os compromisos reflectidos na devandita convocatoria e acompaña a documentación esixida nesta.

**SOLICITA**

Unha subvención total de ____________ € para a organización do evento

______________________________

Ourense, _______ de _________________________ de 2015

Selo da entidade

Asdo.: ___________________________________

( O representante da entidade)

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.**

## ANEXO II

## DECLARACIÓN

| D/D.ª | DNI/NIE |
|---|---|
| En representación da entidade: | |

**DECLARO:**

- Non atoparme incurso/a en ningún dos supostos de incompatibilidade aos que se refire o artigo 13.2 d) da Lei xeral de subvencións.

- Que a entidade á que represento non se atopa incursa en ningunha das prohibicións de obtención de subvencións da Deputación Provincial de Ourense ás que se refire o artigo 13 da Lei xeral de subvencións.

- Que a entidade á que represento está ao día nas súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal e Autonómica e coa Seguridade Social.

E para que conste, para os efectos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, asino esta declaración en Ourense, o _______de_______________do 2015.

Asdo.:____________________________
(O representante da entidade)

## ANEXO III
## DECLARACIÓN EVENTOS DEPORTIVOS 2015

| D/D.ª | DNI/NIE |
|---|---|
| En representación da entidade: | |

**DECLARA:**

- ❑ Non ter solicitada nin, en consecuencia, ter concedida ningunha axuda para o mesmo fin, sexa pública ou privada.

- ❑ Que presentou a/as solicitude/s e que lle foi/foron concedida/s, se é o caso, a/s seguinte/s axuda/s para o mesmo fin:

| Organismo ou entidade ao que solicita | Data solicitude | Concesión (1) | Contía |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |

(3) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicarase pendente na columna.
No caso de solicitudes denegadas, farase constar denegada.

Ourense,_______, de_________________ de 2015

Asdo.:____________________________
(O representante da entidade)

## ANEXO IV
## AUTORIZACIÓN

| D/D.ª | DNI/NIE |
|---|---|
| En representación da entidade: | |

**AUTORIZO:**

Á Deputación Provincial de Ourense a facerme as comunicacións para recibir, a través do correo electrónico e/ou sms, indicados na solicitude, a comunicación do aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, do anuncio do trámite de audiencia, da publicación do acordo de resolución do concurso, e de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias na documentación presentada para a xustificación da subvención outorgada no concurso para a concesión de subvencións para eventos deportivos 2015.

Ourense________de________________de 2015
Asdo.:____________________________
(O representante da entidade)

## ANEXO V

D/Dª.____________________________________________________________ con DNI____________________, en nome e representación da entidade________________________________________________, en relación coa documentación administrativa da solicitude de subvencións para eventos deportivos 2015, fago constar:

1º) Que os seguintes documentos xa obran en poder desa Deputación, ao ter sido presentados en procedementos anteriores (sinale cun X os documentos de que se trate, dos que figuran a continuación):

-  Copia cotexada do CIF da entidade.
-  Copia cotexada do DNI do representante da entidade.
-  Estatutos sociais da entidade.
-  Poder co que actúe o representante da entidade, agás que a dita función lle corresponda conforme aos estatutos sociais, en razón do seu cargo na entidade, en cuxo caso a validez da representación se acreditará mediante documento probado do seu nomeamento ou elección.

2º) Que o contido dos ditos documentos conserva a súa plena validez, ao non seren modificados con posterioridade á data da súa emisión nin se modificaren as circunstancias de feito ou de dereito que neles se reflicten.

3º) Que, polo exposto, se acolle ao dereito recoñecido no artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a non presentar os ditos documentos nesta convocatoria.

Ourense,_____ de_________________ de 2015

(selo do organismo ou entidade) (sinatura solicitante)

## ANEXO VI

## EVENTOS DEPORTIVOS 2015

**DENOMINACIÓN DO EVENTO :**

______________________________________________________________

**MODALIDADE/S DEPORTIVA/AS**______________________________________

**LUGAR DE REALIZACIÓN**__________________________________________

**DATA / S**______________________________________________________

**DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES QUE O INTEGRAN:**

______________________________________________________________
______________________________________________________________
______________________________________________________________
______________________________________________________________
______________________________________________________________
______________________________________________________________
______________________________________________________________
______________________________________________________________

**OBXECTIVOS**

______________________________________________________________
______________________________________________________________
______________________________________________________________
______________________________________________________________.________
______________________________________________________________
______________________________________________________________
______________________________________________________________
______________________________________________________________

**CATEGORÍA DO EVENTO**

Internacional ☐ Europeo ☐ Ibérico ☐ Nacional ☐
Autonómico ☐ Provincial ☐ Local ☐

**ANTIGÜIDADE DO EVENTO**

Número de anos que se leva realizando: ☐

**DURACIÓN**

Número de xornadas de duración: ☐

## ANEXO VI (Continuación)
## SOLICITUDE PARA EVENTOS DEPORTIVOS 2015

**VOLUME DE PARTICIPACIÓN**

(1) Deportistas federados: ☐ (2) Público potencial : ☐ (3) Deportistas populares: ☐

(Estes tres apartados son excluíntes. Soamente cubrir un dos apartados)

**PARTICIPACIÓN DE MULLERES, DISCAPACITADOS E DEPORTE BASE**

**(% do total de participantes)**

Mulleres: ______% Discapacitados: ______% Base: ______%

(1) Soamente cubrir número de deportistas nas propostas que se refiren a actividades nas que a participación prioritaria é de participantes do deporte de competición federado. (Fases ascenso, torneos, partidos, etcétera)

(2) Soamente cubrir público potencial nas propostas que se refiren exclusivamente a “deporte espectáculo”: “rallyes”, “campionatos e torneos de exhibición”, “carreiras profesionais ciclismo” etcétera.

(3) Soamente cubrir número de deportistas nas propostas que se refiren a actividades nas que a participación prioritaria é de participantes en manifestacións do deporte popular . (Andainas, carreiras, eventos populares, etcétera)

## ANEXO VII

## SOLICITUDE PARA EVENTOS DEPORTIVOS 2015

## FICHA DE AVALIACIÓN DE INGRESOS E GASTOS

## ORZAMENTO DE GASTOS

| CONCEPTO | IMPORTE |
|---|---|

**Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 30 de xaneiro de 2015**

| | |
|---|---|
| 1. Gastos de desprazamentos________________________<br>1.1. Transporte e aparcamento____________________<br>1.2. Estancias__________________________________<br>2. Gastos de manutención__________________________<br>3. Gastos de material______________________________<br>3.1. Material deportivo___________________________<br>3.2. Premios e trofeos____________________________<br>4. Gastos de atención sanitaria_______________________<br>5. Aluguer de instalacións___________________________<br>6. Gastos de seguridade_____________________________<br>6.1. Seguros___________________________________<br>6.2. Persoal e dispositivo físico de seguridade_________<br>7. Gastos de limpeza e mantemento__________________<br>8. Gastos de difusión e publicidade__________________<br>9. Dereitos de arbitraxes___________________________<br>10. _______________________________________________<br>11. _______________________________________________<br>12. _______________________________________________ | ____________________<br>____________________<br>____________________<br>____________________<br>____________________<br>____________________<br>____________________<br>____________________<br>____________________<br>____________________<br>____________________<br>____________________<br>____________________<br>____________________<br>____________________<br>____________________<br>____________________ |
| **TOTAL GASTOS PREVISTOS** | |

**ORZAMENTO INGRESOS**

| CONCEPTO | IMPORTE |
|---|---|
| 1. Axudas de entidades oficiais_______________________<br>1.1. Subvención Xunta de Galicia___________________<br>1.2. Subvención do respectivo concello______________<br>1.3. Subvención da Deputación____________________<br>1.4. Outras subvencións públicas___________________<br>2. Empresas privadas patrocinadoras_________________<br>3. Ingresos por entidades o persoas físicas colaboradoras_<br>4. Ingresos por inscrición dos participantes___________<br>5. _______________________________________________<br>6. _______________________________________________ | ____________________<br>____________________<br>____________________<br>____________________<br>____________________<br>____________________<br>____________________<br>____________________<br>____________________<br>____________________<br>_________ |
| **TOTAL INGRESOS PREVISTOS** | |

Asdo.:__________________________ Asdo.:_______________________________

(O tesoureiro da entidade) (O representante da entidade)

**ANEXO VIII**

**(Este anexo só se cubrirá no caso de emenda de documentación)**

D./D.ª________________________________________________________con DNI__________________,en representación da entidade_____________________________________ achégolle a documentación solicitada para unir ao expediente de solicitude de subvención para___________________________________________________.

Ourense, _____ de ____________de 2015

Asdo.: ______________________________________

(Nome e apelidos)

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.- NEGOCIADO DE CONCURSOS**

**8.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A CONCELLOS E MANCOMUNIDADES DE MUNICIPIOS PARA ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS 2015**.- Unha vez vistas as bases da convocatoria de concurso público para a concesión de subvencións a concellos e mancomunidades de municipios para a organización de actividades físico-deportivas 2015, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, adopta o seguinte **acordo**:

**1º.- Aprobar as referidas bases, consonte coas seguintes cláusulas:**

**Primeira.- Obxecto:**

1. O obxecto destas bases é a regulación da tramitación e concesión, por parte da Deputación Provincial de Ourense, de subvencións a concellos e mancomunidades de municipios da provincia de Ourense, mediante convocatoria pública e a través do procedemento de concorrencia competitiva, coa finalidade de financiar actividades e programas deportivos para o ano 2015.
2. Para os efectos desta convocatoria, poderán optar a subvención as solicitudes presentadas para as seguintes actividades:
   a. **Eventos deportivos,** entendendo como tales as actividades con carácter específico e puntual, que comporten a realización de actividades físicas, semellantes ás deportivas, que se correspondan con hábitos de vida saudables,

tales como: andainas e carreiras populares, torneos e campionatos de interese popular, xornadas e diadas deportivas, ou marchas e rutas en bicicleta, a cabalo, en piragüa, ou similares.

b. **Programas deportivo- recreativos,** entendendo como tales aquelas actividades planificadas, realizadas de maneira regular durante un período de tempo específico, que se debe corresponder coa temporada deportiva coincidente co exercicio económico para o que está designada esta convocatoria, e que estean destinadas á poboación en xeral. Serán obxecto desta subvención programas dos seguintes tipos:

    b.1. Programas de actividade físico-deportiva para adultos e persoas maiores (ximnasia de mantemento, aerobic, tai-chi, ioga, pilates, cachibol, xogos populares e tradicionais, etcétera)

    b.2. Programas destinados á promoción ou divulgación dunha especialidade deportiva mediante a súa práctica (escolas deportivas, cursos de iniciación ao deporte, psicomotricidade, etcétera)

As solicitudes para estes programas poderán incluír varias actividades, por exemplo: Programa de Escolas Deportivas: Baloncesto, balonmán, futbol-sala, etcétera "Programa de actividad física para adultos": Aerobic, Taichi, Mantemento, etcétera.

**3.** Quedan excluídas expresamente desta convocatoria as seguintes actividades:

a. Aquelas competicións, ligas, actividades ou programacións que puideran ter encaixe dentro de calquera outro programa de subvencións da Deputación Provincial de Ourense (Copas Deputación, Bolsas para deportistas ou subvencións para os gastos de mantemento dos clubs).

b. Aquelas actividades que polo seu carácter predominantemente gastronómico, turístico, cultural, non poden clasificarse como eventos ou programas deportivo-recreativos, conforme coa definición recollida no apartado 2 da cláusula primeira destas bases.

c. Aquelas actividades que polas súas especiais características comporten a realización de actividades físicas que, pola súa intensidade, extensión temporal, sometemento a risco grave de accidente, ou calquera outra característica, excedan dunha práctica deportiva normal e saudable.

Aglutínanse dentro desta categoría eventos que inclúen a práctica de deportes catalogados como “extremos”, exhibicións de forzudos tipo “strongmen”, probas de atletismo de forza ou probas de resistencia de longa duración como carreiras de tipo ultratrail, triatlóns de categoría “ironman”, ou probas cicloturistas de distancia excesiva.

d. Actividades de carácter formativo ou divulgativo que non implican algún tipo de actividade físico-deportiva.

Así mesmo, a suma de diferentes eventos deportivos de carácter puntual non terá a consideración de programa, e para optar a unha subvención deberase presentar cada proposta por separado.

**Segunda.- Beneficiarios:**

Poderán ser beneficiarios deste programa os concellos ourensáns de menos de 20.000 habitantes e as mancomunidades de municipios da provincia de Ourense.

**Terceira.- Dispoñibilidades orzamentarias:**

O financiamento das subvencións reguladas nesta convocatoria realizarase con cargo á aplicación 34111/46200 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2015.

As subvencións obxecto desta convocatoria intégranse na liña de acción do fomento do deporte contemplada no apartado C.3 do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense e do INORDE para o exercicio 2015.

A contía máxima dispoñible para a concesión destas subvencións é de 60.000,00 euros.

**Cuarta.- Contía máxima das subvencións:**

A contía das subvencións obxecto desta convocatoria consistirá nunha porcentaxe do orzamento do programa ou actividade presentado, podendo acadar, como máximo, o 50% do custo total para os concellos de máis de 3.000 habitantes e mancomunidades e ata o 70 % para os concellos de menos de 3.000 habitantes.

Para estes efectos, cada proxecto presentado será obxecto de valoración individualizada.

Sen prexuízo do anterior, ningunha entidade poderá obter, ao abeiro desta convocatoria, subvencións por importe superior a 3.000 € para o conxunto dos distintos

proxectos que presente. Para a aplicación desta regra, nos supostos en que unha entidade presentase diferentes proxectos cuxa valoración conforme co establecido na base 9ª determinase a obtención dunha contía superior ao límite máximo de 3.000 €, a Deputación concederá as subvencións na contía que proceda de conformidade coa dita valoración, seguindo estritamente a orde de puntuación dos distintos proxectos e ata acadar o límite dos 3.000 €, quedando denegada a subvención para os proxectos aos que correspondería a contía excedentaria do dito límite. No suposto en que a valoración asignada a un proxecto exceda só parcialmente ese límite, a contía da subvención axustarase ata ese límite máximo.

**Quinta.- Solicitudes: lugar, prazo de presentación e documentación:**

1. As solicitudes, subscritas polo representante legal da entidade interesada, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial de Ourense, mediante a presentación no rexistro xeral desta entidade ou a través de calquera outro medio dos previstos no artigo 38.4 da Lei do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo improrrogable de presentación será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

3. As solicitudes deberán formularse achegando a seguinte documentación:

a) Documentación administrativa:

1.- Solicitude dirixida á Presidencia da Deputación no modelo oficial, recollido no Anexo I destas bases. Deberá achegarse unha solicitude para cada proxecto presentado.

2.- Copia cotexada do CIF da entidade.

3.- Copia cotexada do DNI do representante legal da entidade.

4.- Certificado do acordo de aprobación, polo correspondente órgano municipal, da solicitude de subvención para os diferentes proxectos que se presenten.

5.- Certificación expedida polo secretario municipal, onde conste a porcentaxe de gastos de investimento do concello ou mancomunidade na área de deportes con respecto ao orzamento total do concello, así como os ingresos que xera para o concello a realización de actividades e a prestación de servizos deportivos, correspondentes, en ambos os dous casos, ao último exercicio liquidado.

6.- Declaración responsable comprensiva do feito de non atoparse incurso o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de estar a entidade ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social. Para a formulación desta declaración poderá utilizarse o modelo recollido no anexo II destas bases.

7.-Declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións públicas solicitadas para os mesmos fins, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, segundo o modelo anexo III.

8.- Autorización para recibir a través de correo electrónico e/ou sms a comunicación do aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, da publicación do trámite de audiencia da proposta provisional de resolución, da publicación do acordo de resolución do concurso e do aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias na documentación presentada para a xustificación da subvención concedida, segundo o modelo anexo IV.

A presentación do documento sinalado no apartado 8 non é obrigatoria, senón voluntaria, pero, en caso de non presentarse, a Deputación non lle efectuará ningunha comunicación individual ao interesado relativa á emenda de deficiencias na solicitude, ao trámite de audiencia, ao acordo de resolución do concurso e á emenda de deficiencias na xustificación, publicitándose a información correspondente exclusivamente a través da páxina web e ademais no BOP no caso da resolución do procedemento, conforme co sinalado nas bases 7ª e 11ª, respectivamente.

b) Documentación para a valoración da solicitude:

No caso dos eventos deportivos, deberá presentarse un proxecto descritivo de cada actividade para realizar, que conterá, polo menos, a seguinte información:

- Memoria descritiva da actividade, incluíndo os seguintes apartados:
    - Descrición das actividades que a integran.
    - Obxectivos que se pretenden acadar coa organización da actividade
    - Prazo ou data de execución.
    - Participantes previstos, con indicación expresa da súa condición, categoría, idades, etcétera. Se a actividade fose unha manifestación do deporte espectáculo, indicarase o alcance a público potencial.

- Orzamento individualizado e detallado en ingresos e gastos.
- Se é o caso, memoria do desenvolvemento en exercicios anteriores da mesma actividade para a que se solicita subvención, achegando recortes de prensa, fotos, información na web, datos sobre o desenvolvemento da actividade, participantes e calquera información que sirva para constatar a evolución e incidencia social do proxecto ou actividade.

Este proxecto descritivo deberá cubrirse utilizando o modelo que se achega cos anexos destas bases.

No caso dos <u>programas deportivos,</u> será necesaria a presentación dun proxecto máis elaborado de deseño e xestión do programa, no que apareza como mínimo:

○ Memoria descritiva da actividade, incluíndo os seguintes apartados:

- Denominación e descrición da actividade
- Xustificación da actividade
- Obxectivos
- Participantes (condición, categoría, idades, sexo e outras características que se consideren relevantes)
- Planificación e temporalización das actividades
- Plan de organización (equipo humano, recursos materiais e técnicos, infraestruturas e equipamento necesario.

○ Orzamento individualizado e detallado en ingresos e gastos.

Este proxecto cubrirase utilizando o modelo que se achega cos anexos destas bases. Para ambos casos, na web da Deputación figuran modelos de anexos xa cubertos que constitúen exemplos que poden facilitar a súa cumplimentación polos peticionarios.

**<u>Sexta.- Gastos subvencionables:</u>**

Considéranse gastos subvencionables aqueles que, atopándose incluídos nos conceptos recollidos no artigo 31 da Lei xeral de subvencións, forman parte do desenvolvemento das actividade ou programa obxecto desta convocatoria. Os mencionados gastos, que se detallan a continuación, serán distintos en función da tipoloxía da actividade, polo que se clasificarán en dous grupos:

- Gastos subvencionables para eventos deportivos:
    - Dereitos de arbitraxes

- Desprazamentos
- Trofeos e premios (exceptuando os premios en metálico)
- Material deportivo e técnico
- Aluguer de instalacións
- Gastos de manutención de deportistas e persoal da organización
- Comunicación e promoción
- Gastos de seguridade e orde
- Atención sanitaria
- Seguros
- Outros gastos que respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen de acordo con esta convocatoria.

- Gastos subvencionables para programas deportivos:
  - Honorarios profesionais de monitores e técnicos deportivos, sempre que supoñan unha contratación de servizos mercantil e non contratación laboral.
  - Trofeos e premios (exceptuando os premios en metálico)
  - Material deportivo e técnico
  - Aluguer de instalacións
  - Comunicación e promoción
  - Gastos de seguridade e orde
  - Seguros
  - Outros gastos que respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen de acordo con esta convocatoria.

Expresamente, non terán tal consideración aqueles gastos que, pola súa natureza, resulten desproporcionados cos obxectivos que se pretenden con este tipo de subvencións, tales como:

- Almorzos que non correspondan coa manutención de deportistas ou do persoal de organización.
- Premios en metálico
- Honorarios profesionais de monitores e técnicos deportivos no caso dun evento deportivo.

**Sétima.- Procedemento de concesión:**

1. O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva.

2. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas remitiránselle ao Negociado de Concursos da Sección de Subvencións para a instrución do expediente e comprobación da corrección da documentación administrativa achegada**.** Dado o carácter competitivo do procedemento, advírtese expresamente que en ningún caso se concederá prazo para a mellora da documentación valorable.

Unha vez examinada a documentación, a Presidencia concederá un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada.

Para achegar esta documentación, poderá utilizarse como oficio de remisión o modelo recollido no anexo VIII destas bases.

Ao abeiro do disposto no artigo 59.6.b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, o requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación na páxina web http://www.depourense.es, cidadanía, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, acceso a concursos, *concurso para a concesión de subvencións a concellos e mancomunidades para a organización de actividades físico- deportivas 2015.*

